



FACULTADE DE RELACIÓNS LABORAIS

TRABALLO DE FIN DE GRAO
GRAO EN RELACIONS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Análise socioeconómico e laboral do Concello de Allariz.

Autor/-a: Adrián Gómez Conde.

Titor/-a: Pilar Torrens Calle.

Santiago de Compostela

Ano académico 2021/2022- oportunidade de XULLO.

GRAO EN RELACIÓNS LABORAIS E RECURSOS HUMANOS

Título Análise socioeconómico e laboral do Concello de Allariz.

**Título Análisis socioeconómico y laboral del Ayuntamiento de
Allariz.**

**Título Socioeconomic and labor analysis of the town council of
Allariz**

Alumno/a:

Adrián Gómez Conde

Titor/a:

Pilar Torrens Calle

Santiago de Compostela,

Ano académico 2021 /2022, oportunidade de XULLO.

Para Marta, ese canón imparabile capaz de disparar sen pólvora e da que estou seguro que logrará todas as metas que se fixe e eu feliz de compartilo e desfrutalo. Es vida.

A Alberto e Pura protagonistas directos dos meus acertos nos derradeiros anos e aos que todo lle debo.

A meu pai co que por desgraza deixei de compartir gráfica dentro do período de referencia.

A Nerea vítima e cómplice de cada parágrafo. Faro da calma e forza da tormenta. Conseguíralo.

A Daniel, máis cómplice que vítima destes 5 anos de Santiago nos que tivemos tempo de voar, pero sobre todo tempo dalgún "fo" que te empurrará cara un ser excepcional. Allariz é a Arzúa o mesmo que Xan ao Boi.

A Pilar, que lle gardo unha fermosa admiración.

ÍNDICE.

1. Resumo.....	1
2. Introducción.....	2
3. Situación histórica e xeográfica	3
3.1. Orixe	3
3.2. Séculos X-XVI	4
3.3. Séculos XVII-XX.....	13
3.4. Período crítico, “A Revolta”	13
4. Poboación, principais indicadores e movementos naturais	17
4.1. Poboación xeral. Padrón municipal 1842 ata o 2021	17
4.2. Situación Comarcal.....	19
4.3. Grupos de Idade	20
4.4. Taxa de Natalidade, mortalidade, movementos naturais e os seus principais indicadores.....	23
4.5. Taxa de mortalidade.....	25
4.6. Movementos naturais da poboación e os seus indicadores	26
5. Movementos migratorios.....	29
5.1. Determinantes da Migración.	29
5.2. Emigrados.....	31
5.3. Inmigrados.	35
5.4. Saldo Migratorio.	38
5.5. Diferenzas en canto ao Xénero.	39
5.6. Diferenzas en canto á idade.	39
5.7. Vantaxes e desvantaxes das correntes migratorias	44
6. Análise dos sectores de actividade allaricenses	45
6.1. Agricultura	45
6.2. Industria.	46
6.3. Construción.	47
6.4. Sector servizos.....	48
7. Estrutura empresarial de Allariz.	50
7.1. Definicións e principais figuras xurídicas.....	50
7.2. Ranking de facturación.....	52
7.3. Empresas por número de traballadores.....	53
8. Poboación allaricense e a súa relación co traballo.....	54
8.1. Afiliación á Seguridade Social en Alta por réxime e sector.	54
8.2. Autosuficiencia no emprego.	56
8.3. Evolución da sinistralidade laboral e índice de incidencias de accidentes de traballo.....	58
8.4. Contratos rexistrados segundo nivel de formación e modalidade do contrato.	60
8.5. O paro en Allariz.....	64
8.6. Número de parados por sector. A súa evolución.....	67
9. Benestar.....	68
9.1. Distribución territorial e urbanística de Allariz.....	69
9.2. Nivel de renda.....	74
9.3. Saúde.....	75
9.4. Servizos básicos.	79
9.5. Zonas verdes.	79

10. Situación e participación política.	81
10.1. Censo electoral, votantes e abstencións.	81
10.2. Votos e escanos obtidos polas principais candidaturas.....	83
11. Conclusións.....	84
12. Lexislación.....	84
13. Índice de Ilustracións, táboas e gráficas.	85
14. Bibliografía e webgrafía.....	87

1. Resumo.

O presente traballo de fin de grado está dedicado á análise da situación socio económica e laboral do municipio de Allariz. Municipio galego situado na Provincia de Ourense. A través de indicadores demográficos, laborais e empresariais tentarase xustificar as modificacións producidas durante o período crítico que sofre a sociedade allaricense no ano 1.989 e das súas repercusións na vida da vila para localizar as distintas intervencións que se levaron a cabo dende o consistorio ata a actualidade e de como interactúan cos diferentes indicadores.

Poranse en contraposición certos apartados do traballo cos índices que rexistran as vilas lindeiras con Allariz co obxectivo de identificar ou vincular certos procesos sufridos ao longo da serie histórica.

Resumen:

El presente trabajo de fin de grado está dedicado al análisis de la situación socio económica y laboral del municipio de Allariz. Municipio gallego situado en la Provincia de Ourense. A través de indicadores demográficos, laborales y empresariales se intentará justificar las modificaciones producidas durante el período crítico que sufre la sociedad allaricense en el año 1.989 y de sus repercusiones en la vida de la villa para localizar las diferentes intervenciones que se llevaron a cabo desde el consistorio hasta la actualidad y de cómo interactúan con los diferentes indicadores.

Se pondrán en contraposición ciertos apartados del trabajo los índices que registran las villas colindantes con Allariz con el objetivo de identificar o vincular ciertos procesos sufridos a lo largo de la serie histórica.

Abstract:

This study is dedicated to the analysis of the socio-economic and employment situation of the municipality of Allariz. Galician municipality located in the province of Ourense. In order to locate the various interventions that were made from the consistory until the present and how they interact with the various indicators, we will try to justify the modifications produced during the critical period suffered by the Allariz society in 1989 through demographic, labor, and business indicators.

Certain sections will be contrasted with the indices recorded by the villages nearby Allariz with the aim of identifying or linking certain processes suffered throughout the historical series.

2. Introducción.

Como allaricense, e despois da formación universitaria cursada, adquirín coñecementos e habilidades que me levaron a concluír este Traballo de Fin de Grao, para o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos da Universidade de Santiago de Compostela.

A preocupante situación do despoboamento e envellecemento que sofre Galicia, é un motivo máis polo que me interesa a “Saúde” demográfica de Allariz.

“Análise socioeconómico e Laboral do Concello de Allariz” chega como complemento ás funcións que executo como Xuíz de Paz substituto da vila (2016-2022); proporcionándome a oportunidade de poder obter unha visión máis ampla e rica do meu entorno que será froito da análise de series históricas de datos.

Estes datos visualizaranse co fin de comprender a realidade das diferentes áreas de coñecemento impartidas durante o grao e coas que se pretende realizar unha radiografía económica, social, demográfica, xeográfica e laboral da vila de Allariz, a través de indicadores coma os referentes á poboación (Taxas de natalidade, mortalidade, saldo vexetativo...), migratorios (analizando as correntes migratorias, as idades ás que se producen...), a estrutura empresarial (facturación, número de traballadores...), os sectores de actividade, a relación da poboación co traballo ou o benestar na vila de Allariz.

Exporanse dentro dun ámbito temporal o máis extenso posible para facilitar a comprensión dos datos, facendo especial fincapé no período crítico A Revolta onde a sociedade allaricense no ano 1989 decidiu por fin a tantos anos de abandono institucional e co conxunto dos corazóns dos veciños decidiuse por fin e tomar o Concello de xeito pacífico pechándose e facendo resistencia no mesmo onde se chegaron a establecer grupos de vixilancia veciñais que facilitasen a información necesaria no momento preciso para poder implantar calquera tipo de medidas de contención ou de resposta rápida e naturalmente, pacífica, que lograrse conter calquera continxencia que estivese en contra do ben dos veciños, é dicir, do ben de toda persoa que pertenza ao mundo dos vivos.

O obxectivo principal deste estudo é observar as distintas tendencias que se debuxan a través das series de datos para comprobar as repercusións do imaxinado e feito no verán do 89 no presente máis inmediato e de como o groso das políticas locais en coordinación, se procedese, co conxunto de institucións ou entes público e privados foron os adecuados.

En certos indicadores, a comparativa con vilas da contorna do municipio allaricense facilitan en gran medida a labor de identificación de patróns que debuxan tendencias semellantes no conxunto das localidades para comparar as diferentes evolucións históricas das vilas e interpretar se o “Modelo Allariz” é o suficientemente competente como para lograr transformar

o alarmante abandono do rural e catapultar a vila a ser referente e ter voz propia cando algo ou alguén con capacidade ou poder sexa capaz ou queira por fin a tan lamentable e hipócrita perda.

3. Situación histórica e xeográfica de Allariz.

Allariz é unha vila situada na metade occidental da provincia de Ourense e integrada na comarca Allariz-Maceda, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Xeograficamente atópase no val do Arnoia, onde nace, no concello de Vilar de Barrio, o Río Arnoia que tamén baña á Vila nun percorrido de 6,4 km, ata por fin, desembocar no río Miño no concello de A Arnoia, deixando un percorrido total de 84,5 km, sendo o máis longo da provincia e un dos principais protagonistas deste traballo.

O xentilicio dos habitantes da vila é alaricana/alaricano¹, que no ano 2021 compárteno 6.314² habitantes. En termos topográficos, a vila, atópase a 390 metros sobre o nivel do mar, sendo o monte de Penamá o pico máis alto do concello cuns 927 metros.

3.1. Orixe.

Allariz presenta vestixios do mil antes de Cristo (a partir de agora a.C.) onde podemos atopar restos petroglifos coma os de “A Padela” e restos castrexos na comarca, sendo dos máis salientables os localizados na parroquia de Santa Mariña de Augas Santas e que están datados na Idade de Ferro³, unha sauna castrexa datada no S.I a.C⁴ ou o asentamento celta que posteriormente foi romanizado coñecido como a “Cibdá de Armea”, en proceso de estudo pola Universidade de Vigo no ano dous mil oito⁵.

Ilustración 1. Monte do Castro (fondo esq.) e o Casco Histórico.



Fonte: www.Allariz.gal.

Diversos historiadores afirman a súa función como cidade administrativa⁶ e que o seu abandono veu precedido do descubrimento de ouro no río Miño, desprazando toda a

¹ Costas, X. H. (2016). *Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua e cultura galegas*. Vigo. Ed. Universidade de Vigo.

² I.G.E. Censos de poboación. Padrón Municipal de Habitantes. Consultado o 17/03/2022

³ Quintela, M. V. G., & Seoane-Veiga, Y. (2011). “La larga vida de dos rocas ourensanas”. *Archivo Español de Arqueología*, nº 84.

⁴ Lago Cerviño, M., Fernández Fernández, A., Rodríguez Nóvoa, A. A., & Valle Abad, P. (2022). “Lost Heritage. Architectural Replacement of an Atrium and a Courtyard of the Roman Houses of Armea (Allariz, Ourense)”. *Heritage* vol. 5, nº 1.

⁵ Ibid.

⁶ Fernández, A. F., Nóvoa, A. A. R., Abreira, R. B., Abad, P. V., Losada, F. E. P., & Álvarez, N. R. (2021). “Caracterización dos espazos domésticos culinarios da época romana en Galicia”. *Cuadernos de estudios gallegos*.

poboación cara o que denominaron coma a “Auria” (S.I d.C), a actual Ourense, e que, afirman, é un dos asentamentos romanos amurallados máis grandes da Gallaecia⁷, despois da cidade de Lugo e que se sitúa como a “*probable capital na época romana do pobo dos interamnios*”⁸. Encádrase entre os séculos S.II a.C.- VI d.C. onde se manifesta o período coñecido como a “Romanización”⁹, afectando de cheo á cultura da Vila.

Esta nova sociedade comeza a medrar ao redor do Monte do Castro, un antigo asentamento Celta, que actualmente se sitúa no corazón da vila.

Chegadas as invasións suevas no século VI, o máis destacable desta etapa histórica, que fina cara a segunda metade do século IX ,é o nacemento do nome da Vila: “Vila Aliaricii” evolucionando o grupo -li- coma dobre -l-: “Allariz”.

3.2. Séculos X-XVI.

Non é ata o século XI, onde a vila se consolida como referente, coa chegada do rei Afonso VI á mesma, moi probablemente atendendo á situación estratéxica con respecto ao seu reino e a influencia da Vía da Prata, xa que tiña ao río Miño como fronteira do que, trala súa morte, sería o condado de Galicia e o condado de Portugal. Será o responsable do levantamento das murallas e do castelo, transformándoa así nunha vila-fortaleza¹⁰.

Nese momento o seu reinado penetraba ata a actual cidade portuguesa de Viseu, a uns douscentos vinte e un quilómetros do sur de Allariz¹¹. Foi o responsable de introducir o Feudalismo na Península Ibérica e promotor do Camiño de Santiago e, consciente do atractivo, ordenou comezar a primeira ampliación da Catedral de Santiago de Compostela, coa construción da actual planta de tres naves. É un momento clave para o Bispo Xelmírez (n. 107?, d.1140) que abandona Iria Flavia, o actual Padrón, para converterse no primeiro arcebispo compostelán¹².

No reinado de Alfonso VII e como recolle Francisco J. Pérez Rodríguez nos seus estudos: “*en 1131, Afonso VII menciona los bonos foros de que gozan los burgenses*

⁷ La Voz de Galicia: “Del castro a la cibdad de a Armea”. Consultado 17/03/2022 .

⁸ Fernández, A. F., Nóvoa, A. A. R., Abreira, R. B., Abad, P. V., Losada, F. E. P., & Álvarez, N. R. (2021). Op. Cit.

⁹ Blanco Rodríguez, A.(2016): “*Historia*”. consultado o 17/03/2022.

¹⁰ Aspres, A. L. (2016). “*Experiencias innovadoras para la puesta en valor del patrimonio industrial: el caso de Allariz (Ourense)*”. In I Congreso Internacional de Patrimonio Industrial y de la Obra Pública: Nuevas estrategias en la gestión del Patrimonio Industrial.

¹¹Google maps consultado 17/03/2022.

¹² López Alsina, F. , Monteagudo, H. Villares, R., Yzquierdo Perrín, R. (2013). *O século de Xelmírez*. Ed.: Grafisant.

de Allariz,¹³ sendo os primeiros que se recoñecían en Galicia¹⁴, do que afirmaba ser: “una de las villas más destacadas de la provincia, solo superada por Ourense, Allariz y Ribadavia” en comparación coa “aldea de Lobeira” en 1228 (97 anos despois do Foro de Allariz). Cabe mencionar o paso do rei Afonso X, máis coñecido por “O Sabio” (n. 1221, d. 1284), que entre moitas outras facetas foi autor das Cantigas de Santa María e destacou pola súa participación na Reconquista.

A súa muller, a raíña dona Violante (n. 1236, d. 1300 ou 1301) que se casou con tan só trece anos cun Afonso X de vinte sete, foi quen deu a orde de erixir o convento de Santa Clara no ano 1268 (S.XIII), tal e como recolle unha escritura situada no lateral N.E. no cabeceiro da fonte do convento.¹⁵

Foron múltiples as aportacións que lle fixo a raíña, como a Virxe Abrideira, unha representación da Virxe María esculpida nunha única peza de marfil, e unha cruz de cristal. O seu apego era tal que redactou no seu testamento a vontade de ser soterrada no convento¹⁶; Tal era a devoción pola compartida con Sancho IV (1258-1295) rei de León, Castela e Galicia (segundo fillo de Afonso X), concédelle á vila o título de chave do reino de Galicia¹⁷.

Ilustración 2. Virxe Abrideira.



Fonte: www.Allariz.gal .

Xa en 1317 (S.XIV) a sociedade de Allariz divídese nun conflito que viña arrastrando entre os veciños de Allariz (organizados en gremios de artesáns) coa comunidade xudía, onde debemos destacar os tratados de “avenencia e conciliación”, dos que temos a primeira referencia escrita no ano mil douscentos corenta e nove¹⁸ ata a expulsión masiva de xudeus orquestrada polos Reis Católicos cando acceden á Coroa de Castela.

¹³Rodríguez, F. J. P. (2015). “La provincia de Ourense en la época del románico”. In Ourense: Enciclopedia del Románico en Galicia. Centro de Estudios del Románico.

¹⁴ La voz de Galicia: “Alfonso VII concedió a la villa el primer foro gallego”. Consultado 19/03/2022

¹⁵ Fulgosio, F. (2002). *Crónica de la provincia de Orense*. Editorial Maxtor.

¹⁶ Archivo Histórico Nacional, CLERO-SECULAR_REGULAR, Car.1429,N.5 “Doña Violante (...) otorga testamento en el que ordena que su cuerpo sea enterrado en el convento de Santa Clara de Allariz”. Consultado 18/03/2022.

¹⁷ Pintos Barreiro, M. G.(2006); “Allariz, Vila Abrideira. A rehabilitación paradigmática dun casco histórico”, Porta da aira, N^o. 11.

¹⁸ Rodríguez, A. B. (2000). “A presenza xudía en Allariz”. Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares.

Ilustración 3. Representación teatral da liorta entre os gremios e os xudeus.




Fonte: Miguel Villar, *La Voz de Galicia*.

identificar no contexto nin se atopou documento algún que o vincule coa Vila, mais a cultura popular recolle que foi el quen, a lombos dun boi, puxo fin a tal rifa, provocando a fuxida da poboación xudía cara o seu barrio (San Pedro e Vilanova)²⁰.

Foi este acto o que, dun xeito inocente, asentou a festa máis lonxeva e importante da Vila, a Festa do Boi, da que se fará referencia no punto catro deste apartado, en concreto dentro do período crítico.

Ilustración 4. "Carta para que (...), gobernador de Galicia, proceda contra los que alborotan a los vasallos de don Juan Pimentel, de la villa de Allariz" (1490).



Fonte: Arquivo xeral de simancas (Valladolid, España)

Durante a procesión do Corpus Christi (obrigatoria dende 1316 por orde de Xoán XXII¹⁹ Papa da Igrexa Católica) dese mesmo ano, a tradición nos di que os xudeus interromperon a procesión co obxecto de mofarse e sabotala como mostra de repulsa á relixión cristiá.

É aquí onde aparece a figura de Xan de Arzúa, un suxeito chave, que a día de hoxe non se logrou identificar no contexto nin se atopou documento algún que o vincule coa Vila, mais a cultura popular recolle que foi el quen, a lombos dun boi, puxo fin a tal rifa, provocando a fuxida da poboación xudía cara o seu barrio (San Pedro e Vilanova)²⁰.

Chegado o S.XV, Xoán II (n.1404, d. 1454) delega a xurisdición de Allariz a Alonso Pimentel²¹, Conde de Benavente, ata o finamento do Conde de Luna en 1494. Son numerosas as referencias dos arquivos históricos aos múltiples enfrontamentos que se vivían na vila coa administración da familia Pimentel, chegando a ser don Diego López de Haro, gobernador de Galicia o encargado de mediar a través de avisos cara as veciñas e veciños de Allariz polos numerosos altercados que viñan de provocar tanto cos vasallos da familia coma cas súas propiedades.

A xestión da familia toca fondo a finais do S.XV, onde é enviada unha carta dende a Real Cancillería dos Reis de Castela dirixida ao gobernador e alcaldes de Galicia, na que se lles informaba a negativa dos

¹⁹ González Pérez, C. (1997). "El Corpus en Galicia: Redondela y Pontearreas" Narria Estudios de artes y costumbres populares.Nº77.

²⁰ Rodríguez, A. B. Ob. Cit.

²¹ Portal de archivos españoles (PARES), Archivo histórico de la Nobleza "Árbol de los señores de Allariz, desde Alonso Pimentel, III conde de Benavente; hasta Gaspar Silvestre Pimentel, conde de Luna.". ES.45168.AHNOB/1//OSUNA, C.515,D.7. Consultado 18/03/2022.

habitantes de Allariz, e da terra de Aguiar, a respondelas súas cartas e mandamentos, así como a ausencia da entrega e pago de rendas²² a Pimentel.

Ilustración 5. Visión actual da Ponte de Vilanova trala reforma do S. XVI.



Fonte: Daniel Keral.

“Monte do Castro” Ilustración 1), vese como a construción orixinal constaba de tres arcos nun plano horizontal.

A partir do S. XVI, Allariz vive un novo rexurdimento, semellante ao xa analizado no románico e que continúa construíndo unha vila na que agora se asentan grandes casas fidalgas e se reconstrúe a Ponte de Vilanova.

Esta última ten a súa orixe no románico (S.XII) e, grazas a un selo do concello atopado nunhas escavacións realizadas no S.XXI no Monte do

Castelo (referenciado anteriormente coma

Ilustración 6. Escudo de Armas da vila (1556).



Fonte: L. M. Bugallo Sánchez.

Nuño González de Puga e os Nobres e Fidalgos, sendo un total de “25 *hombres y diez criados* (SIC)”²⁴.

Pódese observar tamén no escudo de armas que a día de hoxe perdura no cabeceiro da propia ponte.

Para rematar con esta etapa, é importante mencionar a posición da Vila nas loitas irmandiñas que chegaron á Vila no ano mil catrocentos setenta e cinco²³, obrigando así a buscar a protección do castelo e das murallas da Vila á Condesa dona Leonor de Guzman,

É aquí onde Alonso de Paredes e Juan Alonso Carpintero, despois dos enfrontamentos con Pimentel (Conde de Allariz e irmán do Conde de Benavente) por unha voda que Alonso de Paredes concerta con Elena Carpintero (filla de J. A. Carpintero), ven unha oportunidade para influír no pobo de Allariz e apoiar ao Exército Irmandiño na súa misión de destruír a nobreza e a fidalguía galega, en vinganza pola postura dos Pimentel.

²² Portal de arquivos españois (PARES), Archivo general de Simanca. “Demanda de Juan de Pimentel, desterrado, contra vecinos de sus villas.” (1490). ES.47161.AGS//RGS,LEG,149002,282. Consultado 18/03/2022.

²³ Vicetto, B.(1873) *Historia de Galicia*. Montevideo, Imprenta de la Colonia Española.

²⁴ Ibid.

O 28 de Novembro de mil catrocentos setenta e cinco, (nove meses despois de cercar o perímetro do castelo), o exército irmandiño instala na Torre Nova (actual rúa de “A Costiña”) un trabuco²⁵ que era capaz de catapultar pedras de ata dous quintais (douscentos quilogramos) de peso, en contraposición ás defensas do castelo que tiñan unha capacidade de unha arroba (once coma tres quilogramos). Esa noite o castelo sufría un incendio do cal, como afirma Benito Vicetto (1824-1878) no seu libro *Historia de Galicia*, tan só quedaban as paredes.

A finais de século XVI cabe salientar como fito histórico a consecvente perda de poboación debido as vagas anuais que sufriu Allariz de peste bubónica, máis coñecida como peste negra, entre os anos 1571-1580²⁶.

3.3 Séculos XVII-XX.

O XVII é un século marcado pola presenza do Padre D. Benito Jerónimo Feijóo e Montenegro (1677-1764), autor de, entre outras obras, o “Teatro Crítico Universal” (1726-1739) constituíndo a primeira figura máis destacada do período literario coñecido coma primeira Ilustración. Ao ser membro dunha familia fidalga, arraigada en Pereiro de Aguiar (Ourense) tiña a residencia habitual en Allariz, en O Mato e na Rúa Tripería, preto do colexio da Asunción (actual Casa da Cultura) onde estudou ata os catorce anos, a máis coñecida debido á súa obra foi a “Granxa do Mato”²⁷ tal e como recolle o seu discípulo o Padre Sarmiento(n.1695-m.1771). Así mesmo, lévanse unha serie de remodelacións nas infraestruturas da Vila, coma a obra de Pedro Álvarez, Pedro de la Torre e Martiño Alonso²⁸, mestres canteiros da Vila, responsables de remodelar a ponte de Vilanova no 1600, ou os cambios do claustro do convento de Santa Clara en 1667²⁹

En todo o transcurso do século XVII debemos destacar a autorización real por parte de Carlos III para manter vinculada a presenza do Boi na procesión de Corpus, malia contradicir a súa prohibición de manter unha mestura de elementos relixiosos e profanos. A maiores salientan poucas pero importantes remodelacións no ámbito da edificación e das infraestruturas: no ano 1759, Miguel Ferro Caabeiro, un arquitecto santiagués, chega á Vila encomendado para unha remodelación do convento das Clarisas e, posteriormente, como deseñador da xa máis que simbólica fonte da

²⁵González González, M. (dir.): Máquina de guerra anterior á invención da pólvora, que disparaba grandes pedras. Dicionario da Real Academia Galega. A Coruña: Real Academia Galega.

²⁶Cid Rumbao, A.(1984) *Historia de Allariz: villa y corte romanica*. Ed. Universidad de California.

²⁷Rodríguez, E. B. (2001). “A provincia de Ourense nas viaxes do padre Sarmiento”. Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares.

²⁸Cid Rumbao, A. (1984) *ob. Cit.*

²⁹Puga Brau, X.(2003), *Allariz recupera-lo pasado para proxectar-lo futuro*,ed. Dep. de Ourense.

Barreira(1793), destacando por ser o responsable de obra no proxecto da construción dun sistema de canalización da traída de auga potable cara o convento³⁰, servizo do que non dispuñan moitas das grandes cidades da época, e da que hoxe tan só se conservan algúns dos tramos.

Ilustración 7. Museo de Coiro dos Nogueiras. Rehabilitado actualmente.



Fonte: www.Galiciamáxica.com.

Coiro e liño son a principal actividade económica que marcará o futuro de Allariz ata mediados do século XX. Comeza primeiro cos fiadeiros de liño, chegando a funcionar máis de 50 obradoiros³¹; e as fábricas de curtidos cun total de seis, distribuídas en catro de solas e dúas de pel de becerro curtida, das que se estipula unha produción anual de “3.000 cueros con suela y doble de curtidos”³² e “Ocupando diariamente cada una de ellas unas 20 a 24 personas”³³, que crecen ao carón do río xunto cos oito muíños hidráulicos tradicionais de cereais (Catastro da Ensenada, mil setecentos cincuenta e dous), dos que quedan vestixios nalgunhas aldeas de Allariz coma a de O Mato, Valverde, San Salvador dos Penedos, Escadas...

Este poderío comercial e a loxística no subministro (radio de 10 leguas, aproximadamente 86 quilómetros³⁴), foi sustentado grazas a unha serie de contratos de abastecemento de prendas ao Exército e aos fracasos da cidade de Ourense na construción desta mesma industria tal e como recolle Labrada, J. L. No seu libro *descripción económica del reyno de Galicia* debido á mala calidade das augas (Labrada, 1804).

O século XVIII comeza marcado polo paso do exército francés por Allariz (1809), dentro do contexto das guerras Napoleónicas (1808-1814), onde o outro exército participante (debemos empregar unha visión continental), o do Reino Unido protagonizan importantes e intensas batallas coma a chamada “Batalla de Elviña” (1809), trala que grazas á retirada do exército inglés, o xeral francés Soult puido tomar a cidade de A Coruña e Ferrol e saquea o arsenal militar do exército español que lle facilita en febreiro emprender o seu avance cara Portugal.

³⁰ Vázquez, J. H. (2011). “Diccionario de Arquitectura: maestros canteros que trabajaron en el actual Partido Judicial de Allariz”. Porta da aira: revista de historia del arte orensano.

³¹ Garrote Recarey, M. (2021) “Allariz. La puesta en valor del patrimonio natural y cultural como elemento clave en su desarrollo”. In I Simposio anual de Patrimonio Natural y Cultural ICOMOS España. Editorial Universitat Politècnica de València.

³² Labrada, J. L. (1804). *Descripción económica del Reyno de Galicia*. en la imprenta de Don Lorenzo José Riesgo Montèro.

³³ Ibid.

³⁴ 1800 Legua = 8,690.4540 Kilómetros. Fonte: Convertir 1800 Leguas (legua) en Kilómetros (km).

Un 21 de febreiro, unha partida de máis de 5.900 soldados do Xeral francés *Soult* saquean, queiman e asasinan os veciños da Vila, producindo importantísimas perdas patrimoniais e persoais. O 18 de Maio, trala derrota de dous terzos do exército francés en Portugal pola ofensiva do exército inglés e portugués, *Soult* pasa pola Vila nunha retirada máis que inminente onde o autor *Benito Vicetto* di que "*hubiera perdido todo si los Ingleses al llegar a aquella villa asentada sobre el Arnoya, no se retirasen como si hubieran concluído su misión*"³⁵.

Foi unha estancia sanguinaria e cargada de violencia que se viviu non so no centro da propia Vila senón que se viron afectadas as aldeas do redor, onde se produciron saqueos de alimentos, cabezas de gando, moedas, leña, carros e ata se recolle unha violación documentada a unha moza da aldea de San Vitoirio³⁶, como rexistra o párroco de San Mamede de Urrós.

Ilustración 8. Praza Maior, Casco Histórico. Exemplo de empedrado.



Fonte: *spain.info*

o empedrado das rúas, o que lle da actualmente un atractivo persoal e inconfundible; e tamén foi destinada para a construción de edificios tanto civís como privados, nos que actualmente aínda podemos observar incrustados nas súas fachadas algúns dos escudos que se exhibían no xa desaparecido castelo.

Sobre o ano 1837³⁷ temos que salientar o desmantelamento que se produce dentro do contexto da famosa desamortización de Madoz onde, unha vez máis, a Vila mostra a súa faciana máis revolucionaria e se nega a acatar este Decreto, mais rematan por desmantelar e subtraer o que ficaba do castelo.


Parte da pedra expropiada pasa a formar parte do conxunto da Vila, onde se empregaron para

³⁵ Vicetto, B.(1873). Ob. Cit.

³⁶ Diario de Galicia (1917): . "*Recuerdos de la Guerra da Independencia: Demasías de los invasores*" periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general : Num. 2860. Consultado 21/03/2022.

³⁷ Gándara Pumar, F. (2010). *Urbanismo y desarrollo sostenible en Allariz* (Master's thesis).

Ilustración 9. Restos da muralla primitiva SXII e da Muralla final S.XV.



Fonte: www.Turismo.gal

Como consecuencia pérdense parte dos máis de 1.100 metros de tramos amurallados nos que en algúns puntos acadaron unha anchura de dous a catro metros e unha altura de 20 metros. As once torres desaparecen e na actualidade tan só se pode apreciar o asentamento dalgunhas delas. Desaparecen tamén as sete portas de entrada e a ponte da Zapatería en San Isidro.

A entrada do século XX chega lastrada pola catástrofe ás dez da mañá dun 24 de Xuño de 1902, na igrexa de San Salvador do Piñeiro no momento de celebrácese un funeral e no que se atopaban no templo máis de 50 persoas³⁸ entre sacerdotes, familiares e labregos que acudían ao acubillo da igrexa para protexerse da forte treboada que formara ese día. O que provocou tal gravidade foi, precisamente, que os alí reunidos estaban coa roupa mollada, sendo un factor que co tempo foi xerando unha atmosfera húmida no templo que foi a chave para que un raio, caído no campanario sobre as 10:30 da mañá, acabase coa vida de 25 persoas e deixa 40 feridos graves³⁹, dos que algún pereceu a consecuencia das feridas ou a consecuencia dos traumatismos recibidos polo impacto das pedras da fachada da igrexa.

Ilustración 10. Familiares do defunto momentos antes de celebralo enterro.



Fonte: Sánchez, L.

No que a infraestruturas se refire, podemos destacar a central eléctrica de O Rexo, a instalación do primeiro teléfono interurbano en 1924⁴⁰, e a construción da estrada que conecta Allariz e Celanova entre os anos 1923 e 1930, que lonxe de ser un factor de crecemento da poboación, serán as vías polas que se producirá un éxodo da poboación a mediados de século (consultar gráfica 1).

Mentres tanto, en 1920 na cidade de Ourense, reside un ilustre da política e cultura galega, Vicente Risco que tristemente, logo da súa contribución ao Nacionalismo Galego chegado o Golpe de Estado de 1936, sofre un cambio radical na súa ideoloxía

³⁸ Fernández Álvarez, R., Mira Pérez, J., & Blanco Rodríguez, A. (2021). "A asfixia branca: mito e realidade de vinte e cinco mortes por un raio". *Cadernos de Atención Primaria*. Vol.: 27.

³⁹ Gándara Pumar, F. (2010). *Ob. Cit.*

⁴⁰ Gil, M. (2009). *Allariz, 1989. Crónica dunha revolta*. Ed. Difusora.

colaborando co Réxime de Franco, fito que o leva ser repudiado polos seus compañeiros e autores galeguistas coma Castelao, que o menciona no seu texto máis coñecido, *Sempre en Galiza*, coma: “dicía Risco, cando Risco era alguén” nunha clara alusión ao seu cambio de bando.

Vicente casa con María del Carme Fernández Gómez veciña da Vila⁴¹ e establece unha das súas residencias temporais en Allariz, no que actualmente é a Casa Museo Vicente Risco, xestionada pola fundación que leva o mesmo nome.

Aparecen os primeiros sindicatos obreiros en 1933, abandonando así o sindicalismo eclesiástico que se viña mantendo ata a época. Na provincia de Ourense destacan a forza obreira socialista “Federación Nacional de Trabajadores de la Tierra”(FNTT), que obtén unha representatividade case simbólica na Vila⁴², onde tamén actúa a comunista “Confederación General de Trabajo Unitario”(CGTU), coa única delegación en Galicia adherida á dos “*Oficios varios y Agricultores de Allariz*” e, por último, os sindicatos anarquistas como a “Confederación Regional Galaica” con catro sociedades e Verín, O Carballiño, Viana do Bolo e Allariz.

En solidariedade cos obreiros de Asturias e cataláns, prodúcense tanto en Allariz coma na súa veciña Taboadela, cortes nas estradas, nos cables de telefonía e telégrafos, tal e como recollen os responsables do Xulgado⁴³, que atribúen os feitos a actos coordinados por sindicatos de ideoloxía comunista e socialista.

Coa chegada da Guerra Civil (1936-1939), aséntase ata 1975 un Réxime Ditatorial, amplamente coñecido polo número de vítimas, a represión, a Igrexa Católica e a fame. Se ben Galiza xa coñecía de preto o que é sufrir ataques constantes cara a súa cultura, coma a xa vivida nos coñecidos *Séculos Escuros* (S:XVI-XVII), nin de lonxe estaba preparada para afrontar os case corenta anos de barbarie a mans do Xeneralísimo.

Este período deixa certas pegadas por Allariz, coma o constante fluxo migratorio que emprendía a viaxe principal cara Europa, pero principalmente para Euskadi onde destacan as cidades de Ermua e Eibar coma principais destinos dos emigrados. As cifras que nos deixa esa migración son, cando menos preocupantes, como recolle Mar Gil no seu libro *Allariz, 1989. Crónica dunha Revolta*: “a poboación en 1887 era de 8.767 persoas, en 1940 de 9.894 e de 4.852 en 1988, diminuíndo un 49% nun espazo de corenta anos.”

⁴¹ Nieto, M. C. (1984). “*Vicente Risco, o home*”. *Grial*, Vol.: 22. Nº 86

⁴² Rodríguez, J. P. (2004). “*De la explosión societaria a la destrucción del asociacionismo obrero y campesino. Ourense (1934-1939)*”. *Historia del presente*. Vol. 3.

⁴³ *ibid.*

O forte da decadencia vívese despois do peche nos anos 60, da última fábrica de curtidos, ferida pola esca produtividade, exceso de competitividade con outras rexións e polo obsoleta que quedaba a tecnoloxía empregada fronte a doutras rexións moito máis industrializadas (Catalunya principalmente) . Neste século, Allariz tamén perde o Xulgado cara o ano 1966, deixando así de ser o referente xudicial na comarca.

É en mil novecentos setenta e un cando se produce un feito clave para o futuro inmediato de Allariz coa publicación do “*Decreto 1319/1971, de 20 de mayo, por el que se declaran conjuntos histórico-artísticos varias zonas de la villa de Allariz (Orense).*”, co que se logra que aumente o aprecio dos veciños cara a vila e que comecen a involucrarse directamente no seu futuro. novamente, en mil novecentos setenta e un recibe a distinción urbanística *que a declara como conxunto Histórico Artístico*. Todo isto introduce na vida social e administrativa de Allariz, plans de recuperación e rehabilitación do seu conxunto histórico que son acollidos con gran expectación polas veciñas e veciños.

Coa transición, chegaron as primeiras eleccións municipais, en concreto nas dos anos 79-83, as primeiras da democracia, o resultado foi amparado por unha notable maioría absoluta para o bando de dereitas e conservador, Unión Centro Democrático (UCD) representado por Leopoldo Pérez Camba.

3.4 Período crítico, “A Revolta”.

A primeira lexislatura municipal e democrática preséntase marcada polas irregularidades do alcalde, como a auto-concesión de dereitos de abastecemento de augas, chegando a ser el quen emitía os permisos en calidade de alcalde e de xeito verbal para o seu uso particular⁴⁴, a suspensión dos plenos municipais e eliminación no propio pleno de puntos da orde do día coma os apartados de rogos e preguntas infrinxindo gravemente a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a fixación dos horarios dos plenos coincidindo cos plenos da Deputación de Ourense, para evitar así que certos membros da oposición acudisen aos da Vila o que, xunto co malestar das parroquias e as accións fuxitivas e autoritarias que mantiña o alcalde, fixeron que aumentase a crispación cidadá. Entran en escena Francisco García e Anxo Quintana como concelleiros do Bloque Nacionalista Galego (a partir de agora BNG), establecendo unha estratexia política, social e ecolóxica que será chave para o xa inminente levantamento popular.

⁴⁴ La Voz (2019). “1989: El alcalde de Allariz piratea el agua para llevarla a su granja.”. Visto 24/03/2022

Chegadas as eleccións de mil novecentos oitenta e sete, e como veremos na gráfica trinta e nove. O BNG incrementou os seus votos nun 138%, non sendo suficientes para acadar a maioría, polo cal repetiría como alcalde Celestino Bouzas do PSOE. Podemos identificar este ano como o comezo da deriva do Goberno Local, xa que as presións ás que eran sometidas os concelleiros da alianza PSOE e AP por parte dos concelleiros do BNG, levaron a que Celestino Bouzas manifestase as intencións de deixar a alcaldía, e nun primeiro momento, nomear a Anxo Quintana como edil.

As militancias provinciais do PSOE e Alianza Popular viron nesta inestabilidade municipal unha oportunidade para postularse e asentarse como partido, comezando así unha operación política orquestrada dende Ourense e na que se recupera a figura de Pérez Camba despois duns catro anos de “exilio político”, que rematará con el como Tenente Alcalde da Vila, e posteriormente será nomeado nun pleno de abril de mil novecentos oitenta e nove, como Alcalde, sendo o terceiro en menos de tres anos e quedando a vila nas mans dunha persoa “incontrolable (sic)”⁴⁵.

Nese momento, as cidadáns/-as xa estaban padecendo as consecuencias de ter un río fortemente contaminado que impedía facer uso das augas. O malestar era tan notable que os veciños crearon o “Comité de defensa do río” e comezaron a facer estudos sobre a contaminación do mesmo, chegando a presentar en abril do oitenta e nove un “Plan para o saneamento do Arnoia” que prevía un orzamento de cincuenta millóns de pesetas (trescentos mil euros) e que foi completamente esquecido por Leopoldo coma tantas outras propostas.

Ilustración 11. Faixa da primeira manifestación "Salvar ao río e salvar o futuro de Allariz"



Fonte: Díaz pardo, C.

O un de Agosto mil novecentos oitenta e nove, Allariz érguese cun cento de troitas mortas no seu río. De inmediato a Consellería de Medio Ambiente encárgase da elaboración dun informe medioambiental e da analítica das augas; acto parello, o Comité de defensa do río convoca o día 4 unha

assemblea de veciños nos baixos do Concello, mentres o Alcalde vinculaba os feitos cun “envenenamento provocado”, afirmación que contrasta cos informes da Consellería de Sanidade nos que se especifica que o río estaba a padecer uns vertidos incontrolados procedentes de granxas ou industrias da zona.

⁴⁵ Gil, M. (2009). Allariz, 1989. Ob. Cit. Páx.37.

Comeza a Revolta. O día dez de agosto a primeira manifestación sae á rúa convocada polo Comité de defensa do río; nela participaron máis de mil persoas, solicitando un pleno extraordinario para atallar o problema da contaminación fluvial, sendo rexeitado polo alcalde.

Ilustración 12. A ocupación do Concello baixo os lemas “Alcalde ou razóns ou non pasas” e o xa mencionado na ilustración 11.



Fonte: TV3

mesma mañá, e a vía social, que sen dúbida foi a máis simbólica, coa ocupación pacífica da Casa do Concello, nacente a “Asemblea Popular de Veciños” que exercerá de órgano de goberno nos vindeiros tres meses .

Ilustración 13. Primeiros intentos de desaloxo en Agosto de 1989.



Fonte: TV3.

Vívense os primeiros momentos de tensión pola chegada das forzas de seguridade: nun primeiro lugar as propias do Concello, é dicir Policía Local que acudía coa orde de D. Leopoldo de identificar e intentar desaloxar aos veciños que ocupaban o Concello e, posteriormente, da Garda Civil (consultar ilustración 13), sendo ambos corpos incapaces de achegarse á Praza Maior, nese momento tomadas fisicamente polos allaricenses (moito máis numerosas que as concentracións que reflexa a ilustración 12). Neste punto é onde se fortalece a seguridade dos veciños e se comezan a empregar códigos, contrasinais e quendas de vixilancia para evitar que entrasen as forzas de seguridade no edificio.

O dezasete de Agosto de mil novecentos oitenta e nove a vila organiza unha Folga xeral co peche de establecementos e coa parada total da actividade. O día vinte e dous o Gobernador Civil da provincia mobiliza un amplo número de efectivos da Garda Civil equipados con materiais antidisturbios coa clara finalidade de desaloxar a Praza Maior e o Concello, pero sen éxito.

Ilustración 14. Os veciños nunha das manifestacións en Ourense con M. Fraga.



Fonte: TV3

O vinte e oito de Agosto, a Revolta chega ao ámbito autonómico e Manuel Fraga, acude a Ourense coa intención de entrevistarse con algúns veciños de Allariz. En concreto son chamados Francisco García e Anxo Quintana que acudiron acompañados por catro autobuses e corenta turismos repletos de veciños implicados coa causa. Non se acorda ningún avance significativo.

O 10 de novembro, apiques de cumprir os tres meses de peche, prodúcese un fito transcendental na loita, xa que Leopoldo comeza unha batalla xudicial na que involucra a sete veciños. O feito que entra en consonancia aquí é a suposta agresión física ao transcurso de abandonar o Concello despois de asinarlle as nóminas aos traballadores. Trátase dunha incongruencia xa que nese espazo de tempo estivo escoltado por dous policía locais e a prensa, coa que chegou a confesar que “non sufrira ningunha agresión”. Ao día seguinte sete veciños deixan a ocupación do Concello e diríxense cara os xulgados de Ourense.

Neste momento asínase un acordo AP-BNG, no que se comprometen ambas partes a fixar unha asemblea e desocupar o Concello a cambio da retirada das denuncias; acordo que se rompe no momento en que dende os Xulgados de Ourense informan do ingreso en prisión de catro veciños e o concelleiro do BNG Anxo Quintana⁴⁶ (sairán o día dezaseis), producíndose unha nova ocupación e o que para min foi o máis importante e sentimental desta revolta: setecentas veciñas e veciños firmaron nunha campaña de autoinculpación de xeito individual, un texto que dicía que “eran tan culpables como Anxo Quintana, Jorge Bouzas, Delmiro Suarez, Ángel Fernández e Eulogio Cid, dos delitos de sedición, desacato e agresión” ante a xuíza Domínguez Viguera.

Pese aos innumerables intentos de chegar a xuízo con esta situación por parte de Pérez Camba, o seu paso polos tribunais non foi nada proveitoso como se recollen na sentenza do 10 de decembro de 1991 da Audiencia provincial⁴⁷, onde recoñecían que “no puede olvidarse que la situación de conflicto se debió a una actitud ilegal de Leopoldo Pérez Camba que se negó, injustificada e indebidamente, a convocar un pleno extraordinario para tratar un asunto de vital importancia para el pueblo”; tamén afirma que “solo cabe concluir ante estos acontecimientos que la grandeza cívica de

⁴⁶ Vicepresidente da Xunta de Galicia nos anos 2005-2009 (BNG).

⁴⁷ Gil, M. (2009). Ob. Cit.

un pueblo resulta de la generosidad, como expresión de solidaridad que proclama la Constitución y se manifiesta en el respeto y la comprensión hacia los que muestren posturas contrarias como ocurre (...)en los meses vividos en la villa de Allariz en el año 1989”.

O 20 de Novembro de 1989 preséntase a dimisión en bloque de toda a corporación de AP ante o Goberno Civil e nomeaban a Anxo Quinta (sae do cárcere o día trece) como alcalde en funcións e a outros tres concelleiros do Bloque como tenentes de alcalde, pondo así un punto e final nesta revolta que marcará a historia e a vida de Allariz.


É neste punto no que comeza realmente a parte analítica do “Estudo Socioeconómico e Laboral do Concello de Allariz” que se vai a centrar na análise dos anos inmediatamente anteriores á Revolta ata a actualidade para tentar concluír cun argumento científico-técnico e divulgativo sobre a sorte ou infortunio á que se enfrenta a Vila despois de case trinta e tres anos da Revolta.

4. Poboación. Principais indicadores e movementos naturais de Allariz.

Neste apartado vaise a tratar de presentar os principais indicadores demográficos que nos axudaran a ter a primeira visión da poboación allaricense onde non só se exporá o número de habitantes se non que se engadirán indicadores coma a natalidade, mortalidade e o saldo vexetativo que nos darán esa imaxe do presente da Vila.

4.1. Poboación xeral. Padrón municipal anos 1842-2021.

Gráfica 1. Número de habitantes da Vila de Allariz.



Agora, podemos observar dun xeito moito máis visual as consecuencias do exposto no contexto histórico, en concreto debemos de focalizar o descrito a mediados do Século XIX.

Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos do I.G.E. e I.N.E.

No ano 2020 Allariz contaba cunha densidade de poboación de case 73 habitantes por quilómetro cadrado, a maior cifra dende o ano 2012. De 1842 ao ano mil oitocentos sesenta, coincidindo coa edificación e posta en marcha das fábricas de curtido, a poboación crece un sesenta por cento nun período de dezaioito anos. Esta tendencia á alza manterase durante cen anos, ata 1960. A falta de traballo non só afecta directamente

ás fábricas de curtidos, se non ás de todo o tecido empresarial que estaba vinculado con esa actividade coma xastres, zapateiros, toneleiros... que comezaron a ver que as súas vendas diminuían considerablemente debido á escaseza derivada do éxodo de poboación e da consecvente escaseza de recursos económicos.

Neses anos 1960-1990, o País Vasco vivía unha auténtica revolución industrial cos Altos Hornos de Vizcaya , grazas a que as infraestruturas non foron derruídas durante a Guerra Civil e o protagonismo indirecto que tivo en Europa na I e II Guerra Mundial. As necesidades de man de obra nesa gran factoría leva a que parte da poboación decidise emigrar no sentido estrito e buscar sorte no emerxente mercado da siderurxia e das industrias auxiliares que a sustentaban.


Esta corrente migratoria e outras tamén coñecidas coma a Suízo, provocaron un efecto chamada da man de obra, e a galega, en xeral, precisaba traballar para sobrevivir nunha terra que tan só lles permitía a mera alimentación familiar. Por mor disto, a vila perde en 1981 ata un 43,4% de poboación en 21 anos.

Entre os anos oitenta e un e oitenta e oito, prodúcese un aumento da poboación en mil novecentos oitenta e seis. Lonxe de mantela tendencia (entre o oitenta e un e oitenta e seis aumenta en seiscentas setenta e dous habitantes, un 11% máis con respecto ao ano anterior) en 1988 márcase o mínimo histórico do período analizado, 4.852 habitantes, unha caída do 50,3% en comparación co 1960 .

Comezará a estabilizarse e incluso a adquirir valores positivos no incremento desa porcentaxe dende o ano 1999 ata a actualidade, onde o ritmo de crecemento medio anual é de preto dun 1%, lento, pero como nos arroxa a tendencia da gráfica, constante. No ano 2021, rexístranse 6.314 habitantes.

4.2. Situación Comarcal.

Gráfica 2.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E.

Para poder ter unha referencia e incluso, buscar nexos entre os fenómenos que se producen nun lugar cos que se producen na súa periferia, faise necesario analizar a tendencia que experimenta a poboación das nosas vilas veciñas.

Nun primeiro treito, entre 1981 e 1986, experimentan ao igual que Allariz unha repunta da poboación Xunqueira de Ambía e Baños de Molgas. Maceda e Celanova chegan a ese ano cunha tendencia negativa bastante pronunciada, a diferenza da de Xinzo de Limia, que pese a ter valores negativos, consegue un efecto máis aplanado.

Do ano oitenta e seis ao noventa e un, son períodos alarmantes polo efecto de baleirado que se produce na comarca. Tan só Allariz e Xinzo de Limia logran manter un crecemento positivo, polo menos Xinzo logra mantelo ate o 2011 cun crecemento do 0,66%⁴⁸ de media anual, pero a partir de 2012 vai sufrir unha perda da súa poboación a un ritmo de case un 1% anual ata a actualidade coa consecuente perda no número de compoñentes do Pleno Municipal.

No caso de Celanova, dende a estabilización de mil novecentos noventa e nove, presentaba un crecemento medio ata o ano 2004 dun 0,52% anual. Entre 2017-2018, logra crecer un 1,4% e un 2,09% respectivamente. Pese ao aumento deses dous anos os resultados xerais non son positivos para este Concello, xa que mantén un media negativa de crecemento marcada por un menos 0,28% anual.

O Concello máis danado desta serie é Xunqueira de Ambía, cunha perda de poboación dun menos dous coma dezanove por cento anual de media, o que implica

⁴⁸ Allariz crece nese mesmo período a unha media dun 1,27% anual.

perder cen habitantes ao ano. Sígueo de preto Baños de Molgas cunha caída media dun 2% anual, perdendo dende o ano 200-2020, 723 habitantes.


En definitiva, a tendencia da comarca é a que está a vivir xa non só o rural galego se non a comunidade autónoma como tal (incluso a Nación). A motivación principal que desencadea esta perda na vida dos concellos galegos ten un claro móbil económico.

Nos últimos sesenta anos, tal e como afirma Laura María Pedreiras Pérez no seu traballo de fin de grado *Visión ocupacional de las últimas seis décadas en el ámbito rural de Galicia* para a Universidade De A Coruña, o constante abandono do traballo no campo e da gandería, substituído por maquinaria que permite axilizar tempos e diminuír significativamente a man de obra, así como as constantes migracións cara Europa e certas comunidades españolas son as principais responsables desta lacra que persigue á comunidade.

Consultados os datos do Instituto Galego de Estadística, a cifra de aldeas abandonadas en Galicia é de mil oitocentas sesenta e tres, cincuenta máis que o ano pasado. Esta dinámica que experimenta o rural galego é unha condea de morte segura para o rural, xa que, en Galicia actualmente cóntase con mil sesenta aldeas que teñen entre un e dous veciños, non debendo de sorprendernos que a cifra de abandono continúe crescendo sen control a unha media de nada máis e nada menos que corenta e unha aldeas ao ano.

4.3. Grupos de Idade.

Gráfica 3.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

Divididos en tres grupos de idade: menores de 16 anos, entre 16 e 64 anos e maiores de 64 anos, podemos obter unha visión máis depurada da composición social de Allariz.

A necesidade de chegar ata esta táboa xurde á hora de relacionar os distintos fenómenos que serán analizados nos vindeiros puntos para elaborar unha correcta opinión social, económica e laboral da situación da Vila de Allariz.

Eses tres grupos de idade defínense:

- **Menores de 16 anos:** Poboación que non está en idade de traballar. Representada por nenas e nenos xunto coa xuventude.
- **Entre os 16 e os 64 anos:** Coñecida como a Poboación Activa. Persoas que se atopan en idade para traballar.
- **Maiores de 64 anos:** Poboación inactiva. Exercen principalmente as funcións de consumos. Xubilados, incapacitados, prexubilados...

Como se observa na Gráfica 3 tanto os menores de dezaseis anos coma os comprendidos entre os dezaseis e os sesenta e catro, presentan unha evolución positiva no seu crecemento cunha media anual do un coma oitenta e seis por cento e do un coma dezasete por cento entre mil novecentos noventa e oito e dous mil vinte e un, sendo a partir do ano dous mil sete/dous mil oito onde as súas pendentes son máis pronunciadas.

Se analizamos máis polo miúdo podemos diferenciar distintos tramos nas diferentes series aos que podemos asignarlle un valor numérico que nos permita analizar con maior claridade as distintas tendencias:

- **Menores de 16 anos:** dende o ano mil novecentos noventa e oito ao dous mil sete, a súa evolución ven marcada por un crecemento anual medio dun cero coma corenta e seis por cento, entre os que destacan o ano dous mil catro cun crecemento do seis coma setenta e sete por cento con respecto ao ano anterior e o dous mil dous por perder un dous coma corenta e oito por cento con respecto ao ano anterior.

Dende dous mil sete ao dous mil vinte e un, a tendencia mantense nun crecemento medio anual dun dous coma noventa e un por cento, onde destacan os períodos dos anos dous mil oito e dous mil dezaioito onde se acadan os picos máis altos do nove coma cero un por cento e do cinco coma sesenta e catro por cento de respectivamente.

Este grupo posúe a peculiaridade de ter maior número de homes que de mulleres, cunha media no período analizado do cincuenta e tres por cento de homes e o corenta e sete por cento de mulleres.

- **Poboación entre 16 e 64 anos:** dende o ano mil novecentos noventa e oito ata o dous mil trece mantén unha tendencia de crecemento plana, marcada por un aumento medio anual do cero coma catro por cento, que conseguirá manter ata o dous mil trece onde acada un dous coma catorce por cento. Nos seguintes tres anos, prodúcese un lixeiro descenso anual dun menos cero coma vinte e catro por

cento, mantendo dende ese período ata o ano dous mil vinte e un crecemento positivo do un coma doce por cento. Neste grupo as diferenzas entre o número de homes e de mulleres achégase máis ao equilibrio que no caso dos menores de 16 anos, distribuídos nunha media dun cincuenta e un por cento e do corenta e nove por cento respectivamente.

A tendencia deste grupo de idade ven marcada por un crecemento positivo medio do un coma dez por cento anual dentro do período analizado sendo ao mesmo tempo, o grupo de idade maioritario na Vila de Allariz.

- **Poboación maior de 64 anos:** coma os definíamos antes, este grupo é o responsable de exercer principalmente as funcións de consumo (xunto cos menores de dezaseis anos). Como se pode ver na ilustración 19, é a curva máis “plana” de todas xa que a variación que experimenta dende mil novecentos noventa e oito ao dous mil vinte é do cero coma cero cinco por cento de media. Os períodos nos que se produce un aumento máis significativo neste grupo de idade son os do 1999 e 2003 cun aumento anual do un coma noventa e sete por cento e un coma dez por cento e nos que experimentaron as maiores caídas son os dos anos 2004 e 2018 con preto dun un por cento de descenso e do un coma trinta e dous por cento.

Debido ao momento histórico no que nos atopamos e coa pandemia do Covid-19 aínda presente entre a nosa sociedade, cabería pensar que este, ao ser un dos grupos máis vulnerables ante este virus, fosen os que experimentasen unha caída maior da súa poboación, pero non, entre os anos 2020 e 2021 presentan un crecemento do cero coma oitenta e dous por cento e cero coma vinte e seis por cento, uns valores que están en definitiva, moi por enriba do esperado dentro dese contexto.

Como peculiaridade, este é o grupo no que maior desequilibrio experimenta entre sexos, xa que se rompe esa tendencia favorecedora cara a poboación masculina e se fortalece a poboación feminina cun corenta e tres por cento e cincuenta e sete por cento de media, chegando a ser entre os períodos do 1998 a 2001 case dun 40/60.


4.4. Taxa de Natalidade, mortalidade, movementos naturais e os seus principais indicadores.

A principal barreira contra a principal lacra que golpea Galicia é a baixa taxa de natalidade, fundamental para facer subsistir a unha sociedade, unha nación, unha comunidade e ata incluso no sistema das pensións.

➤ **A taxa de natalidade.**

Definimos a taxa de natalidade coma o total de nacementos nun determinado ano dividido a poboación por cada 1.000 habitantes. É un índice empregado para calcular o crecemento demográfico dunha poboación de terminada.

Gráfica 4.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

dentro deste período é de algo máis de mil seiscentas e o número de nacementos non supera a media dos corenta anuais.


A Vila logra manter unha tendencia positiva no número de nacementos, pechándolle a porta á principal lacra que acompaña a Galicia, o éxodo do rural.

Distinguimos tres tramos (1986, 2001 e 2005) nos que a taxa descende de forma abrupta de 4.7, 2.3 e 3.5 puntos de media en comparación cos anos anteriores. Pola contra, os principais períodos de recuperación móstranse entre os anos 2001-2003 cun aumento de 4.8 puntos e do 2005 ao 2007 de 5.1 puntos. Sendo o ano dous mil sete no que se rexistra unha maior taxa de natalidade na serie histórica estudada.

Como nos indica a gráfica, vemos que esta taxa ten un comportamento moi pouco estable, en parte debido ao tamaño da mostra coa que conta a Vila e a idade da mesma, principalmente a media de mulleres en idade biolóxica para ter fillos

➤ Comparativa territorial.

Gráfica 5 Comparación territorial da taxa de natalidade nos anos 1975 a 2020.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E. e I.N.E.

Dentro da organización territorial na que se atopa situada Allariz, debemos de facer esta comparativa na escala provincial, autonómica e estatal para coñecer as tendencias que seguen o conxunto das demais poboacións das que tamén formamos parte.

Neste caso en concreto podemos observar ese descenso xeneralizado e abrupto entre os anos mil novecentos setenta e cinco e mil novecentos noventa e seis onde parecen estabilizarse as taxas das distintas rexións.


Centrándonos de xeito individual nas diferentes organizacións territoriais e comezando de maior a menor, observamos:

- **España:** nese primeiro tramo de 1975 a 1996 a caída na taxa de natalidade é das máis pronunciadas, tan só nese período a taxa caeu máis da metade (en concreto 10,6 puntos). Nos vinte dous anos seguintes (1996-2008) recupera 3,2 puntos fixando unha taxa de 11,4. Dende ese ano e moi probablemente afectada pola crise financeira e ata o 2020, somerxese nunha tendencia negativa que lle fai perder dende o último período de referencia uns 4,2 puntos, algo que nun futuro marcará o destino do Estado de Benestar Social, principalmente pola falta de contribuíntes.
- **Galicia:** A igual que España e o resto de demarcacións territoriais, perde neses vinte un anos 9,1 puntos (1,5 menos que a media nacional) pasando en 1975 dun 15,9 a no ano 1996 ter un 6,8., os efectos da crise económico, déixanse notar xa no ano 2008 no que logra pechalo cunha taxa de 8,3 recuperando 1,5 puntos en comparación a 1996. Ata o ano 2016 consegue estabilizarse cunha media de 7,3 puntos, pero a partir de dese momento volve a descender, acadando en 2020 unha taxa de 5,6, 1,7 menos que no período anterior.

- **Ourense:** comparte ese descenso abrupto na taxa de natalidade, que vai encadeando dun xeito menos abrupto ata o ano 2002, onde consegue recuperarse da caída e comezar a crecer a un ritmo anual medio de case un 2% ata o ano 2010, onde moi probablemente a provincia, afectada polo impacto da crise financeira volta perder ese crecemento positivo para caer a un ritmo medio anual do 2.4% ata o ano 2020.
- **Allariz:** de todas as taxas aquí analizadas, é a única unidade territorial que logra manter unha tendencia positiva na taxa de natalidade.

➤ **A taxa de mortalidade.**

Gráfica 6.



Fonte: *Elaboración propia en base aos datos obtidos polo*

que se rexistra nos trinta e nove anos de estudo é á baixa, debuxando unha tendencia que mostra unha caída de case cinco puntos.

Definímola coma o número de defuncións dun territorio dividido pola poboación dun ano concreto.

Esta taxa reflexa un indicativo da sociedade, política, alimentación e saúde entre moitas outras.

Nunha primeira análise podemos ver que a tendencia acumulada

Observando máis polo miúdo podemos apreciar a irregularidade coa que foi evolucionando no tempo marcada por períodos nos que a taxa acadaba uns valores altos 1988-2001, 2003-2008 e 2016-2018.

Unha vez obtidos estes períodos e tras unha análise das diferentes causas de mortalidade da provincia de Ourense recollidas no I.N.E. podemos obter as seguintes conclusións que axudan a comprender os picos. Como ben acabo de dicir son datos da provincia de Ourense que van a ser tratados coma algo encamiñado cara a realidade e non coma unha verdade absoluta xa que son froito da comparación de dúas realidades demográficas distintas:


- **1988-2001:** Neste período a provincia vive un episodio negro en canto a accidentes de tráfico que deixan vítimas mortais. A non obrigatoriedade dos mecanismos de retención (cintos de seguridade, cadeiras para os cativos...) e a falta dun deseño automobilístico seguro tanto para peóns coma para os propios condutores sumado

co consumo de alcohol e a escasa vixilancia son uns dos piares deste período. Así mesmo, en base á clasificación que fai o I.G.E dos diferentes grupos de enfermidades, as definidas como “presentan síntomas anormais clínicos” poden ter unha vinculación directa co consumo de estupefacientes e polo descoñecemento na época das consecuencias deses consumo e abuso e das consecuencias na saúde como a transmisión do VIH ou a propia sobre dose das sustancias que estaba a vivir con gran preocupación a sociedade galega⁴⁹.

- **2003-2008:** Cara finais do 2008 comeza a crise económica, o primeiro que nos fai pensar dentro do ámbito deste estudo é na posible vinculación con fenómenos coma o suicidio ou as enfermidades mentais derivadas en gran medida polas consecuencias que produce no sustento da gran maioría da poboación. A diferenza do tramo anterior, as mortes derivadas dos accidentes de tráfico deixan de ser as máis significativas grazas á preocupación e concienciación das Autoridades e a sociedade. Neste tramo, adquire principal relevancia a morte por tumores e por enfermidades respiratorias, dando paso no dous mil oito ao aumento no número de mortes producidas por trastornos mentais sendo as que presentan un maior crecemento dende o ano dous mil oito ata a actualidade.
- **2017-2018:** Acádase o pico da mortalidade por enfermidades do sistema respiratorio, así mesmo as mortes producidas por trastornos mentais continúan a marcar récords de letalidade. Presentan certos picos de letalidade outras causas coma as vinculadas co sistema xenitourinario⁵⁰ ou as enfermidades vinculadas co sistema dixestivo.

➤ **Movements naturais da poboación e os seus indicadores.**

Gráfica 7.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

Como menciono na introdución, unha das motivacións principais que me levan ata este estudo é a Saúde demográfica, pois ben este é un dos principais indicadores nos que se debe de reparar, xa que nos pode orientar do futuro

⁴⁹ En parte, por mor do descoñecemento e da novidade coa que estas sustancias se integraron na sociedade, existe unha falta de datos nas que se especifican en concreto as patoloxías derivadas do consumo de estupefacientes.

⁵⁰ RAG: relativo ás vías e órganos xenitais e urinarios.

demográfico dunha determinada rexión.

O I.N.E. defínea coma a diferenza que hai entre os nacementos e as mortes. Este indicador reflicta a existencia dunha tendencia negativa que fomente o deterioro dunha comunidade ou ao contrario, unha tendencia positiva que faga que permita sustentarse no tempo cos seus habitantes⁵¹.

Atendendo aos resultados apréciase como dende o ano 1988 ao 2001 sofre un dos episodios máis críticos dentro dos datos obtidos⁵².

Xa exposto, podemos ver as súas consecuencias e como afectou no saldo vexetativo do Allariz deses anos. No período de referencia a taxa non descendeu de menos dez, chegando en mil novecentos noventa e oito ao seu máximo, menos doce⁵³. A tendencia dese tramo temporal implicaría a progresiva degradación da súa poboación e a falta de novos individuos que fagan crecer en número á Vila.

No período 2002-2005, prodúcese un recorte de cinco coma nove puntos con respecto ao ano anterior no saldo. O ano 2002 coincide co terceiro ano con menor número de mortalidade dentro da serie estudada⁵⁴.

Marca a entrada dun período no que a tendencia mantén un crecemento positivo e incluso, para os vindeiros anos en función dos resultados do prognóstico manterá a mesma tendencia, asegurando o camiño cara crecemento demográfico positivo.

⁵¹ Obviando o accesos a alimentos, sanidade, hixiene, guerras, enfermidades, etc...


⁵² Ver punto: 4.4 Taxa de Natalidade e mortalidade e 4.5 movementos naturais e os seus principais indicadores.

⁵³ Como se pode apreciar observando as gráficas número 4 e 6, no ano mil novecentos noventa e oito, tanto o rexistro de falecidos e o número de nacementos experimentan unha caída significativa onde precisamente o número de falecidos experimenta o seu peor dato dentro da serie histórica.

⁵⁴ Ver: Gráfica 4 e 6.

➤ Comparación territorial.

Gráfica 8.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E

A gráfica 8 mostra nunha primeira visión xeral, tres tramos que comparte os catro territorios suxeitos a análise.

Dende o ano 1981-1998, o conxunto do territorio padecen unha precipita perda no crecemento natural da poboación, é dicir, non se logran manter unha natalidade forte entre a poboación en idade biolóxica e (disposición) fronte ao número de mortes sitúanse moi por riba dos nacementos.

Dende 1998 ata o ano 2008 a tendencia apunta cara unha lenta recuperación nas que se logran coma no caso de España, recuperar un crecemento natural da poboación con valores positivos. Os demais territorios pese a manter un valor negativo recuperan entre 1,2 puntos no caso de Galicia e un 0,4 na Provincia de Ourense.

A chegada da crise económica provoca que dende o ano dous mil oito ata a actualidade marca claramente un punto de inflexión para os resultados do saldo vexetativo. A falta dun horizonte económico estable para a xuventude, parellas e familias provocan que un gran número de persoas, pese a que desexan ter descendentes, a realidade económica non lles permite manter un aluguer ou unha hipoteca, entre outros.

Será interesante consultar as exposicións dos puntos 6.3 Construción e 8.4 Paro en Allariz, para comprobar dende outros sectores como esta crise financeira conseguiu afectar á sociedade non só a nivel económico, se non laboral, demográfico, familiar, educativo, sanitario, administrativo, etc. Sen esquecer algo xa exposto no punto 4.4 Taxa de Natalidade e Mortalidade na análise do período de 2003-2008, salientaba as mortes derivadas a consecuencia de trastornos mentais que pese a non ser o motivo principal dese descenso si que representa

algo significativo por ser un recurso que se comezou a valorar recentemente e do que no século pasado non se recollían datos oficiais.

En comparación coas demais unidades xeográficas, podemos ver como Allariz é a única da serie en lograr revertir a tendencia e dirixila cara o saldo positivo nos últimos tres anos.

5. MOVEMENTOS MIGRATORIOS.

Galicia é unha comunidade que ten moi presente tanto os determinantes como as consecuencias do alto número de emigrados que rexistrou e nos que algúns estudos referencian á emigración coma a responsable de aportar entre un e dous terzos do fluxo nacional de emigrados⁵⁵ entre os anos mil oitocentos trinta e mil novecentos sesenta.

5.1. Determinantes da Migración.

Como recollen os autores McConnell, C. R., Brue, S. L., & Rabasco, E. (1997) no seu libro *Economía Laboral contemporánea* establecen seis factores principais que motivan a determinación mentres os demais factores se manteñan constantes (*Ceteres Parivus*) por decantarse por tomar o camiño da migración:

- **Idade:** como veremos nas Táboas 5 e 6, o grupo de idade maior de cincuenta e cinco anos é dos menos representativos motivados en parte polo que recollen os autores como a antigüidade dos traballadores nos seus lugares de traballo que fan que aumente o seu salario e que, noutra empresa ou centro de traballo foráneo non conseguirá; en consecuencia, dispoñen dun menor número de anos para recuperar a inversión (custo migratorio). Por último, sinalan tamén o maior arraigo que teñen pola súa comunidade como unha barreira psicolóxica. En canto á xuventude, sinalan que dispoñen de maior facilidade para trasladarse xeograficamente, debido en parte á facilidade que lles supón desprazarse polo pouco volume de pertenzas dos que dispoñen; sinalan a franxa dos vinte e cinco e trinta anos como a idade na que principalmente emigran e inmigran os máis xoves e en concreto, os titulados universitarios, que veremos a súa relación co traballo no punto 8.3 Contratos rexistrados segundo o nivel formativo e modalidade do contrato.
- **Distancia:** como reflexan as seguintes gráficas o 65% dos movementos migratorios recollidos apuntan cara as correntes internas de migración. Estes individuos comunmente optan por camiños nos que os familiares e amigos percorreron porque dispoñen dunha maior información. A medida que aumenta a distancia tamén o fai o factor psicolóxico.

⁵⁵ Bertrand, J. R. (1999). "La emigración gallega, ¿sistema original?". SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, Vol. 11.

- **Taxas de desemprego:** o que primeiro cabe matizar é que non sempre se cumpre que se nun determinado lugar existe unha taxa alta de desemprego significa que a un traballador “x” lle resulte laborioso atopar un determinado emprego, pero non sempre reflexa esa probabilidade pese a estar comunmente asentado entre a sociedade. Así mesmo, certos traballadores como os expostos a continuación (maiores de 55 anos) con un perfil académico básico e co perfil laboral de pouco tecnicismo e responsabilidade, prefiren aceptar a situación da taxa en lugar de Emigrar. Os autores afirman que o perfil dos afectados por esta categoría é: *familias (...) de las cuales está uno desempleado tienen más probabilidades de emigrar que otras y la tasa de desempleo en el lugar de origen afecta positivamente a la emigración*⁵⁶.
- **Factores familiares:** en principio e mantendo os demais factores constantes, a afirmación de que ter descendentes diminúe a posibilidade de Emigrar é lóxica xa que os proxenitores actúan antepondo en numerosas ocasións a saúde mental das crianzas coa hipotética corrente de ganancias que percibirían Emigrando cara outro ámbito xeográfico. As persoas que están solteiras teñen unha maior probabilidade para tomar a decisión de Emigrar. No caso das familias, e coa maior introdución da muller no mercado laboral, tamén se describe unha tendencia a non emigración no caso de que a muller este traballando e cunha corrente de ganancias polo menos suficiente para sustentar as cargas persoais e da familia que finalmente non emigran pese a ter a un dos seus membros en situación de desemprego.
- **Nivel de estudos:** os estudantes universitarios de grao, máster, doutoramento, etc. Presentan unha maior tendencia cara a Emigración, xa que de xeito moi particular posen unha ampla información sobre a actualidade do mercado de traballo tendo unha gran capacidade para analizala e clasificala. As diferencias salariais entre os empregados non universitarios e os postos de Dirección provocan que teñan que Emigrar polas expectativas salariais, corren a mesma sorte os traballadores moi cualificados que empregan as vías migratorias con maior facilidade pola diferenza de ganancias entre territorios. Retornando aos estudantes universitarios, estes adoitan mudar xeograficamente para acceder ao Sistema Universitario estando máis familiarizados co custe psicolóxico que supoñen os cambios xeográficos.


⁵⁶ McConnell, C. R., Brue, S. L., & Rabasco, E. (1997). *Economía laboral contemporánea*. McGraw-Hill. Páx 132.

- **Outros factores:** as políticas tanto nacionais coma municipais poden favorecer a aparición de movementos migratorios, as linguas dos lugares de destino, os chamados “refuxiados climáticos”, situacións de Guerra.

5.2. Emigrados.

A Real Academia Galega define o verbo emigrar como: “*Deixar o propio país ou o lugar de orixe, para establecerse noutro, en particular por razóns de traballo.*”. Para o I.G.E emigrar é: “*aquela migración que ten orixe nese ámbito e destino fóra do mesmo. Fálase de emigración interna cando o destino é outro concello de Galicia e emigración externa cando o destino é outro concello do resto de España ou o estranxeiro.*”

Gráfica 9.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

En termos xerais podemos observar que neste período o fluxo migratorio principal rexistrado entre a poboación da Vila ten como destino algunha localidade ou cidade da Provincia de Ourense (emigración interna).


Dende o comezo da serie ata o ano dous mil catro e incluso dous mil cinco, logrouse manter un perfil no fluxo interno emigratorio inferior que de media rexistra a sesenta e unha emigradas/-os ao ano. Nos sete anos posteriores (2005-2013) acádase unha media de cento vinte e catro emigradas-os/ano rexistrando un notable incremento no fluxo que se pode denominar coma: “a primeira onda da crise económica”.

A seguinte suba destacable producida no fluxo interno da emigración localízase no período de 2014 a 2020 mostra unha certa tendencia cara un novo equilibrio nas correntes do propio fluxo que nos deixan unha media de preto de dúascentas persoas anuais. Esta situación reflexa a “nova normalidade” que deixou a crise económica dentro dos diferentes mercados e que produce un incremento no número de desprazados motivado pola busca de oportunidades noutras zonas.

Como se expón no punto 5. 4. Saldo Migratorio, veremos que pese a que a corrente emigratoria non acada o un por cento da poboación total da Vila, as entradas que rexistra (inmigración) son consecuentemente maiores que a das saídas (emigración), podendo chegar á conclusión de que Allariz, máis que “foco emisor” de emigración é un gran receptor de Inmigrantes.

A gráfica 10 móstranos como o oitenta e dous por cento dos que emigran de xeito interno non van a traspasar os límites da propia provincia.

Gráfica 10. Preferencia do destino dos emigrados internamente en Allariz entre os anos 1992 a 2020.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

consideran que tampouco o farán na comarca.

Volta a coller forza a hipótese de que o factor que provoca o goso do emigración sexa por motivos económicos, onde podemos atopar a chave para xustificar tal afirmación no escaso número de emigrantes (un 3%) que van a fixar a súa nova residencia na mesma comarca, xa que se non son capaces de atopar ningunha oportunidade na vila de Allariz, e

Agora como reflexa a táboa 1, hai que mencionar que as dúas variables comprendidas na emigración externa (outro concello do resto de España e ao extranxeiro) non son as vías preferidas pola poboación que decide ou se ve na obriga de emigrar.

Táboa 1. Emigración externa en Allariz nos anos 1992 a 2020.

Anos	A outra CCAA	Ao estranxeiro	Porcentaxe respecto ao ano anterior a outra CCAA	Porcentaxe respecto ao ano anterior ao estranxeiro	Total
1992	18	18
1993	14	..	-22,2	..	14
1994	22	..	57,1	..	22
1995	23	..	4,5	..	23
1996	15	..	-34,8	..	15
1997	21	..	40,0	..	21
1998	34	..	61,9	..	34
1999	28	..	-17,6	..	28
2000	24	..	-14,3	..	24
2001	58	..	141,7	..	58
2002	37	5	-36,2	..	42
2003	44	7	18,9	40,0	51
2004	30	5	-31,8	-28,6	35
2005	50	5	66,7	0,0	55
2006	50	6	0,0	20,0	56
2007	45	6	-10,0	0,0	51
2008	49	10	8,9	66,7	59
2009	41	13	-16,3	30,0	54
2010	78	45	90,2	246,2	123
2011	46	20	-41,0	-55,6	66
2012	70	21	52,2	5,0	91
2013	75	24	7,1	14,3	99
2014	87	13	16,0	-45,8	100
2015	77	15	-11,5	15,4	92
2016	83	11	7,8	-26,7	94
2017	62	7	-25,3	-36,4	69
2018	53	16	-14,5	128,6	69
2019	80	23	50,9	43,8	103
2020	41	36	-48,8	56,5	77

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do I.G.E.

No 2010 prodúcese o primeiro gran aumento nesta tendencia migratoria e xéranse os principais picos no conxunto dos indicadores; liderada pola emigración a cidades de outras provincias esta pódese ver motivada polas consecuencias da crise económica que afectou en gran medida aos principais sectores de produción da provincia que serán abordados no punto 7. estrutura empresarial de Allariz. Así mesmo, tamén pode presentar un nexo co aumento no número de persoas con cualificacións profesionais cun perfil moi técnico ás que xa non só Allariz e a súa comarca son capaces de retelos se non que nin a provincia nin a propia Comunidade Autónoma o logra, entre algúns factores, pola falta dun tecido industrial forte que sexa capaz de competir cun mundo cada vez máis globalizado; a raíz da globalización tamén se ten que facer mención a que na actualidade un número determinado deses desprazamentos vanse a producir pola facilidade coa que hoxe en día nos podemos comunicar tanto pola rede de infraestruturas e de transporte como pola tecnoloxía que en definitiva axudan a que gran parte dos custos tanto económicos, persoais (nos que se inclúen os psicolóxicos), etc... diminúan.

Pese ao imparable crecemento da emigración externa, unha vez superado o pico mencionado no parágrafo anterior do ano 2010, fixo que tanto a emigración a outra Provincia e a outra Comunidade Autónoma continuasen crecendo. Así mesmo, os emigrados ao estranxeiro case se cuadriplícan en comparación aos do ano 2009. Pese as considerables diferenzas cuantitativas das dúas correntes de emigración externa, dedúcese a importancia das circunstancias económicas e sanitarias (Covid-19, ano 2020) coma factores chave para o individuo á hora de fixar o seu destino migratorio, podendo afirmar que nos períodos “críticos” que deixan estas crises, os individuos deixan de percibir incluso a nación coma un destino no que non van atopar oportunidades económicas⁵⁷.

De xeito xeral, podemos concluír que nos últimos vinte e oito anos o número de emigrados mantén unha dinámica de crecemento positivo que reflexan de xeito notorio os períodos comprendidos entre os anos 2009 a 2020 nos que emigran de media ao anos o un coma catro por cento da poboación total, acadando máximos nos anos 2015, 2019 e 2020 nos que emigrou preto do tres coma catro da poboación da Vila onde o principal receptor vai a ser a Provincia de Ourense.

Interpétase que na actualidade o/a cidadán/-a de Allariz que está disposto a emigrar considera que as vías polas que antes logrará cubrir as súas necesidades é emigrando ou ben no interior da Provincia de Ourense ou noutra cidade das dezasete comunidades autónomas.


A emigración a outra Provincia e ao estranxeiro perden o atractivo a consecuencia da pandemia da Covid-19, onde ten sentido que se producisen eses descensos debido en parte á normativa que prohibía⁵⁸ certos tipos de desprazamentos tanto a nivel local, provincial, autonómico e estatal e con certos países do estranxeiro.

⁵⁷ É una variable na que se inclúen os custos directos: Aluguer, SMI, Inflación, Custo Enerxético, Hidrocarburos, impostos ou o IPC. Custos indirectos: renuncia á corrente de rendas polo mesmo ou diferente traballo noutra comunidade ou país, vantaxes económicas e fiscais ás que se renuncian ao non residir noutros territorios.

⁵⁸ Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

5.3. Inmigrados.

Gráfica 11. Inmigrados en Allariz nos anos 1992-2020.




Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos do I.G.E.

A R.A.G. define o verbo inmigrar coma: “o que inmigrou ou veu do estranxeiro.” Como se aprecia na gráfica, as principais canles de entrada de inmigrados proporciónaos a propia provincia de Ourense e as demais provincias galegas.

Na década dos noventa, sitúanse case en igualdade de condicións os dous fluxos de recepción de inmigrados.

Xa entrados os anos dous mil podemos apreciar como as diferentes series comezan a distanciarse entre si. Destaca o ritmo de crecemento que experimentou a inmigración interna ata o dous mil oito na que se ve superada pola inmigración externa.

Gráfica 12. Fluxo da inmigración interna en Allariz anos 1992 a 2020.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

É probable que coa chegada a crise económica, que como é sabido afectou principalmente ao sector da construción (en gran medida pola dependencia co sistema financeiro) , este adquire un peso

importante dentro do tecido empresarial que analizaremos no punto 6. Análise de sectores de actividade de Allariz. O que se observa é unha certa desmotivación na intención da sociedade da Provincia de Ourense para inmigrar pola provincia en

busca de oportunidades o que xustifica en parte no ano dous mil oito como recolle a *gráfica 11*.

Dende o ano 201., a inmigración interna non deixou de crecer, o que quere dicir que a percepción dos inmigrantes sobre a vila en canto aos niveis de vida, económicos e laborais lles resultan moito máis atractivos que os doutros núcleos de poboación coma a cidade de Ourense.

Coa chegada da pandemia da Covid- 19 prodúcese un récord na aportación de inmigrantes internos que chegan á vila motivados en parte pola vinculación da vila co entorno natural e a proliferación e coidado das zonas verdes da vila de vida e a posibilidade de atopar traballo nalgúns dos sectores que serán expostos no apartado 6, nos que destaca principalmente a suba continuada do sector servizos, compostos na súa maioría polo sector da hostalaría.

Esta entrada de récord, diferénciase na da crise do 2008 en que esa crise afectou gravemente a sectores que empregaban a un gran número de traballadores e a un gran número de empresas producindo a destrución de miles de postos de traballo; pese a que os primeiros meses da pandemia comezaron con un peche de todos os sectores que non fosen considerados como esenciais tiveron a posibilidade de pasados uns tres meses do confinamento puideron reabrir ao público e 2 anos despois baten récords de facturación que están moi por enriba dos rexistrados nos períodos anteriores aos da crise sanitaria⁵⁹.

⁵⁹ La Región (2021): “Récord de facturación en Allariz en un año “excepcional” consultado o 29/04/2022.

Táboa 2. Inmigración externa en Allariz nos anos 1992 a 2020. Podemos concluír que a

Anos	Inmigración externa total	Doutra CCAA	Do estranxeiro
1992	72	52	20
1993	52	30	22
1994	72	68	4
1995	60	48	12
1996	32	28	4
1997	43	26	17
1998	60	34	26
1999	49	32	17
2000	90	63	27
2001	58	51	7
2002	38	36	2
2003	73	69	4
2004	74	55	19
2005	46	43	3
2006	87	68	19
2007	116	78	38
2008	195	82	113
2009	125	88	37
2010	117	84	33
2011	110	80	30
2012	84	67	17
2013	96	77	19
2014	115	88	27
2015	92	68	24
2016	94	68	26
2017	142	98	44
2018	108	64	44
2019	145	92	53
2020	121	88	33

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Provincia de Ourense non se consideraba unha provincia que destacase pola cantidade e a calidade subxectiva dos postos de traballo durante a crise do 2008.

Destacan os fluxos de inmigración interna onde o principal aporte ven polos inmigrantes procedentes doutras comarcas da provincia de Ourense (41%) ou da propia provincia de Ourense (44%).

De feito a inmigración interna no ano 2020 representa o 69% da total, seguido polo 23% de inmigración externa, e as entradas dun 8% do estranxeiro.

A igual que nos movementos emigratorios externos, aquí o fluxo principal de entrada procede doutras Comunidades Autónomas e non do estranxeiro, de feito, no ano 2008 foron os estranxeiros os que principalmente inmigraron cara Allariz. Nos períodos de 2017 a 2019 a inmigración estranxeira mantiña unha tendencia crecente ata que chegou o ano 2020 e os peches perimetrais impediron a chegada ou a continuación na tendencia crecente deste fluxo externo.

En liñas xerais, podemos afirmar que pese ás consecuencias que deixa a crise económico, foi precisamente dende que apareceu que aumentaron considerablemente as entradas de persoas que ven na Vila algunha oportunidade que non tiñan na súa localidade de orixe.

5.4. Saldo Migratorio.

O saldo migratorio vai a orientarnos á hora de elaborar un balance entre a poboación que emigra e a que inmigra. Para iso debemos de restarlle ás saídas de poboación as entradas. A finalidade desta análise é coñecer o estado no que se atopa a Vila de Allariz despois


Táboa 3. Saldo migratorio da Vila de Allariz nos anos 1992 a 2020.

	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
1992	-16	-15	-1	54	34	20
1993	14	16	-2	38	16	22
1994	-29	-29	0	50	46	4
1995	17	16	1	37	25	12
1996	-2	1	-3	17	13	4
1997	2	3	-1	22	5	17
1998	14	25	-11	26	0	26
1999	24	18	6	21	4	17
2000	22	17	5	66	39	27
2001	50	58	-8	0	-7	7
2002	90	86	4	-4	-1	-3
2003	79	57	22	22	25	-3
2004	31	32	-1	39	25	14
2005	72	61	11	-9	-7	-2
2006	76	61	15	31	18	13
2007	108	85	23	65	33	32
2008	21	15	6	136	33	103
2009	22	19	3	71	47	24
2010	115	98	17	-6	6	-12
2011	55	40	15	44	34	10
2012	35	19	16	-7	-3	-4
2013	71	60	11	-3	2	-5
2014	21	25	-4	15	1	14
2015	-8	4	-12	0	-9	9
2016	67	69	-2	0	-15	15
2017	46	45	1	73	36	37
2018	72	74	-2	39	11	28
2019	36	21	15	42	12	30
2020	53	70	-17	44	47	-3

Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos do I.G.E.

de experimentar os distintos movementos migratorios xa mencionados nos derradeiros puntos. Neste caso, podemos diferenciar 2 liñas xerais:

Gráfica 13. Saldo migratorio Allariz nos anos 1990 a 2020.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos do I.G.E.

- **Saldo migratorio positivo:** é o predominante da Vila, pese a dispor duns valores primordialmente estables entre os anos 1990 a o 2005 no que vemos que a tendencia é maioritariamente positiva como mostra a gráfica nos períodos de referencia xa mencionados. Neste caso e pese a que existe unha orientación clara por parte dos habitantes da vila cara a emigración, as diferentes entradas de inmigrantes permiten manter estable a demografía da vila. Esta situación garante que non se produzan perdas demográficas importantes. Destacan os períodos do 1996 ao 2007 no que o aumento que se da nos períodos da crise económica e a posterior recuperación dende o ano 2012-2017.

- **Saldo migratorio negativo:** indícanos todo o contrario do disposto no apartado anterior. Afrontarse a un saldo migratorio negativo, ao non ser suficientes o número de entradas (inmigrados) ao de saídas (emigrados), afrontando así unha consecuenta perda de poboación, que pode chegar a ser moi difícil de remontar. En función ás gráficas xeradas a partir dos datos, aprécianse tan só un período no que o saldo é negativo:

2003, 2005 ao 2007, o 2010-2012 como consecuencia do impacto da crise económica e o 2019 a 2020 no que o propio ano 2019 fixo de amortiguador na caída que estaba a experimentar a Vila, ese ano en concreto

5.5. Diferenzas en canto ao Xénero.

Táboa 4. Diferenzas en canto ao sexo e tipo de movemento migratorio nos anos 1992 a 2020.

Emigración	ANOS	HOMES	MULLERES	TOTAL	Inmigración	HOMES	MULLERES	TOTAL
	1992	39	36	75		55	58	113
	1993	26	23	49		52	49	101
	1994	45	52	97		51	67	118
	1995	43	41	84		68	70	138
	1996	17	25	42		32	25	57
	1997	35	44	79		53	50	103
	1998	57	51	108		62	86	148
	1999	55	44	99		89	55	144
	2000	48	40	88		85	91	176
	2001	65	85	150		89	111	200
	2002	57	42	99		97	88	185
	2003	60	64	124		109	116	225
	2004	49	53	102		81	91	172
	2005	65	76	141		111	93	204
	2006	88	74	162		129	140	269
	2007	60	96	156		165	164	329
	2008	86	103	189		196	150	346
	2009	110	102	212		166	139	305
	2010	116	136	252		173	188	361
	2011	118	116	234		180	153	333
	2012	128	118	246		140	134	274
	2013	131	117	248		157	159	316
	2014	152	145	297		155	178	333
	2015	150	146	296		150	138	288
	2016	129	145	274		175	166	341
	2017	121	141	262		180	201	381
	2018	106	140	246		163	194	357
	2019	155	162	317		182	213	395
	2020	149	140	289		184	202	386
MEDIA		88	91	179	MEDIA	126	127	254

Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos do I.G.E.

homes e mulleres é semellante sufrindo períodos nos que un sexo se solapa co outro en canto á participación no fenómeno migratorio. Como se volve apreciar, de media durante o período analizado dos anos 1992 a 2020 o saldo mantense positivo, os datos xustifican a afirmación reflexando unha Emigración dun 41% fronte ao 59% de Inmigrados, mantendo unha distancia media de dezaioito puntos porcentuais.

Os datos facilitados polo instituto Galego de Estatística (I.G.E), dinos en liñas xerais que tanto á hora de emigrar como de inmigrar, as mulleres son as que máis emigran e inmigran en proporción aos homes.

En ambos casos a diferenza entre

5.6. Diferenzas en canto á idade.

Unha vez coñecidas as diferentes tendencias migratorias entre os dous sexos, cabe analizar os principais destinos migratorios que escollen as cidadás divididos en catro

franxas de idade que tentan acoller a xuventude, adolescencia, madurez e aos adultos.

Táboa 5. Total Emigrados e emigradas no período 1992 a 2020 en función das franxas de idade

<16 anos			De 16 a 29 anos		
Total	Emigración interna	Emigración externa	Total	Emigración interna	Emigración externa
938,00	512,00	213,00	1198,00	777,00	421,00
%	55%	23%	%	65%	35%
De 30 a 54 anos			De 55 e más anos		
Total	Emigración interna	Emigración externa	Total	Emigración interna	Emigración externa
1973,00	1312,00	661,00	1121,00	773,00	348,00
%	66%	34%	%	69%	31%

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.


➤ Emigradas/-os.

A continuación veremos as distribucións nos fluxos migratorios tras o procesado e análise da serie de datos comprendidas entre os anos 1992 a 2020 e contando cunha Emigración total de cinco mil douscentos trinta rexistrados, interprétase que:

- **> de 16 anos:** este grupo representa un 14,1% do total de Emigrados nese

período. Os individuos que compoñen este grupo Emigran principalmente de xeito interno e o vinte e tres por cento escolle a emigración externa (Outras CC.AA ou ao Estranxeiro). É un grupo que destacada pola dependencia dos seus proxenitores e por estar integrados dentro do Sistema Educativo; no caso de que os proxenitores teñan que desprazarse principalmente por motivos laborais ou familiares, polo xeral fano acompañados dos seus descendentes. A maior presenza dentro desa mobilidade interna pode estar derivada deses cambios xeográficos nos lugares de traballo dos proxenitores ou ben tamén, por un cambio de centro de estudos cara o resto da Provincia de Ourense ou das Provincias da CC.AA.


Gráfica 14. Preferencia migratoria en < de 16 anos.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E.

- **De 16 a 29 anos:** representan o 24,3% do total de emigrados. Aquí si que se pode producir un movemento migratorio debido en parte ás condicións de acceso ao ensino educativo do ámbito, Universitario e dos Ciclos de Formación Profesional I e II vense na obriga de abandonar temporalmente a Vila. Neste caso algúns regresan e outros descubren novas fontes de coñecementos, ingresos

Gráfica 15. Preferencia migratoria da franxa de 16 a 29 anos.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo

e vida que lles resulta máis atractiva e toman a decisión de asentarse fora de Allariz de xeito definitivo ou a longo prazo.

Gráfica 16. Idade na que as mulleres deciden ser nais. Provincia de Ourense 2000-2020.




Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E.

Por exemplo, co cambio do paradigma da natalidade, ao aumentar a idade media de ter o primeiro fillo entorno aos trinta e trinta e cinco anos, non destacan por un xeral por ter cargas familiares, por iso é o que menos emigra dentro da Provincia de Ourense e demais provincias de Galicia e se decide por outras CC.AA ou fora do territorio nacional. Son os máis predispostos a

desfrutar da vantaxe de ter unha maior dispoñibilidade xeográfica para obter contratos laborais de maior calidade.

- **De 30 a 54 anos:** destacan principalmente polas cargas económicas, laborais e familiares coas que conviven no día a día. Xunto coa franxa de 16 a 29 anos son o grupo maioritario da poboación⁶⁰ e decidiu Emigrar de media tan só un 3,5% dos individuos rexistrados no período 1998-2020⁶¹. Representan o trinta e nove coma cinco por cento dos Emigrados dentro do período analizado, o que os volve facer o grupo máis amplo dentro dos Emigrados. Preferiron emigrar principalmente de xeito interno pola Provincia de Ourense⁶² e a Comunidade Autónoma, pese escoller nun trinta e catro por cento das veces como destino o exterior. Algúns deles ao ser nados entre os anos oitenta e principios dos anos noventa, accederon a un Sistema Educativo que lles ofreceu as chaves dalgunhas linguas coma o francés ou Inglés e decidiron saír cara o estranxeiro⁶³, así coma o acceso á educación superior que lles permitiu .

Gráfica 17. Preferencia migratoria da franxa de 30 a 54 anos.



Fonte: Elaboración propia cos datos obtidos polo I.G.E.

⁶⁰ 4.3 Grupos de Idades.


⁶¹ Non se rexistraron datos no I.G.E. dos grupos de Idade das poboacións do ano 1992 a 1998.

⁶² En concreto un 66,5% dos emigrados internamente, en base aos datos rexistrados de Emigración polo I.G.E.

⁶³ Un 6% do total da franxa de 30 a 54 anos emigrou cara o estranxeiro. Sendo un porcentaxe inferior para o resto de franxas.

- **De 55 e máis anos:** é o terceiro grupo que máis Emigrou na secuencia 1992-2020. Os principais destinos foron o interior da Provincia de Ourense e en menor

Gráfica 18. Preferencia migratoria da franxa de 55 a máis anos.



Fonte: Elaboración propia cos

medida escolleron outras Provincias da CC.AA, véxase que ao ser unha franxa de idade que involucra xente de avanzada idade (non en todos os casos), pódese producir ese desprazamento cara Cidades e Vilas nas que posúan ou instalen unha nova residencia, que lles proporcione unha maior accesibilidade e lles de a seguridade de poder ter contar cun maior servizo médicos e

hospitais preto da súa residencia, así como a posibilidade de acceder a supermercados, farmacias e incluso acceder a oficinas bancarias de xeito presencial motivado polo desmantelamento bancario do rural⁶⁴ que en Allariz, dende o ano 2019 ao 2021, perdéronse dúas oficinas financeiras e a brecha tecnolóxica existentes para esta franxa. A segunda vía migratoria máis concorrida é a externa, unha peculiaridade deste grupo de idade está en que ao estar formado por xente xubilada e en idades de ou próximas á xubilación, cabe pensar que o movemento cara o exterior está motivado por un cambio de residencia para desfrutar da xubilación noutras rexións que por exemplo, teñan un mellor clima ou nas que posen unha segunda residencia e se decantan por vivir nela.



Táboa 6 Porcentaxe de inmigrados en función ao destino e a franxa de idade.

<16 anos			De 16 a 29 anos		
Total	Inmigración interna	Inmigración externa	Total	Inmigración interna	Inmigración externa
1040	684	356	1704	1159	545
%	66	34	%	68	32
De 30 a 54 anos			De 55 e máis anos		
Total	Inmigración interna	Inmigración externa	Total	Inmigración interna	Inmigración externa
3018	1999	1019	1336	690	646
%	66	34	%	52	48

Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

⁶⁴ La Voz de Galicia (2021). "El PSdG insta a Núñez Feijoo a evitar la «exclusión financeira» del rural". Consultado o 29/04/2022.

➤ **Inmigradas/-os:**

Unha vez analizados os datos da Emigración, toca valorar as cifras que nos deixa o Instituto Galego de Estatística en canto a seguinte corrente migratoria, a Inmigración:

- **Menores de 16 anos:** este grupo representa un 15% do total de Inmigrados dentro do período analizado (1992-2020). Como vemos na táboa, Allariz recibe un sesenta e seis por cento desta franxa de idade a través do movemento migratorio producido tanto no interior da Provincia de Ourense coma da Comunidade Autónoma e o trinta e catro por cento restante doutras Comunidades Autónomas e do Estranxeiro.
- **De 16 a 29 anos:** é o grupo principal en canto a recepción interna de individuos dende Galicia e a Provincia de Ourense e unha menos significativa Inmigración Externa dun trinta e dous por cento. Representan o vinte e catro por cento dos Inmigrados e pertencen xunto coa franxa de 30 a 54 anos, de media ao seis coma tres por cento do total da poboación de Allariz de entre 16 a 64 anos. Veremos nos apartados seis e sete, como inflúen os principais motores económicos da Vila e a súa xustificación con este predominio da Inmigración fronte a Emigración e cales son as súas fortalezas e debilidades. Volve a ser unha franxa na que predomina a Inmigración Interna fronte a Externa.
- **De 30 a 54 anos:** Comparte a tendencia cara ese fluxo de Inmigración Interno que se ve nas franxas de idades que se analizan neste punto. Son a franxa que maior volume de individuos concentra. A maior presenza desta corrente migratoria na vila fainos pensar en que se produce un pequeno éxodo de poboación das cidades, principalmente con cargas familiares e que teñen o seu posto de traballo nun radio inferior a trinta quilómetros, coma por exemplo na Cidade de Ourense e que lles permite conciliar mellor tanto as tarefas familiares coma as laborais. Dende a axilidade en atopar unha praza nunha gardería, ampliada no 2007 cun total de oitenta e tres pazas para nenas e nenos de entre 0 e 3 anos, e no 2017 se lle tivo que propor ao Parlamento de Galicia a súa nova ampliación⁶⁵; a maiores, a áxil conexión coa Autovía das Rías Baixas A-52, permiten desprazarse ata Ourense ou Xinzo de Limia en menos de vinte minutos, co cal, no caso de acudir cara o seu traballo na cidade de Ourense non supón unha perda significativa de tempo no desprazamento. No punto nove deste traballo, abordaremos a calidade de vida na Vila e poderemos enlazala tamén con estes episodios.

⁶⁵ La Voz de Galicia (2017): “Reclaman en el Parlamento gallego más plazas de guardería para Allariz”. Visto 29/04/2022.

- **De 55 e máis anos:** practicamente en equilibrio entre a Inmigración Interior e exterior. Neste caso é igual que aos Emigrados, ocupan o penúltimo lugar en representatividade, por diante da franxa dos > de 16 anos. Como xa se recolle no punto 5. 1. Determinantes da migración é unha franxa de idade na que os individuos non están tan predispostos a emprender unha corrente migratoria. A pertenza de inmobles, propiedades mobles, parcelas, etc. Diminúen a predisposicións dos individuos a emigrar.

5.7. Vantaxes e desvantaxes das correntes migratorias.


Vantaxes	Desvantaxes
A lexitimación dos Sindicatos para negociar un aumento no salario pode reducir dentro do seu ámbito de actuación pode reducir a tendencia Emigratoria.	Os problemas da desinformación poden favorecer que as correntes migratorias aumenten as taxas de desemprego do lugar de destino.
As nacións e as distintas ordenacións territoriais poden ver aumentada a súa poboación activa grazas á recepción dunha corrente migratoria que tamén produce efectos aumento do consumo, maior recadación...	En certas rexións pódense dar tendencias políticas que rocen a vulneración de certos Dereitos Fundamentais, podendo fomentar a radicalización na visión dos cidadáns cara este fenómeno.
Tanto os principais emisores como o receptores de correntes migratorias van a poder convivir con novas fontes de costumes, un aumento dos coñecementos culturais, etc...	Xeración de expectativas que co tempo non coinciden coa realidade das necesidades individuais e que poden chegar a ter un custo tanto económico coma psicolóxico moi alto.
A ampla taxa de retorno facilítalles aos migrantes obter máis información sobre os lugares de destino.	A dificultade para interpretar os mercados e a información imperfecta provocan unha elevadísima taxa de retorno.
Incorporación de traballadores moi ben cualificados procedentes de outras rexións.	A brecha salarial reduce o incentivo da muller para traballa e emigrar.

6. Análise dos sectores de actividade allaricenses.

Neste apartado expóranse os distintos datos que reflexan as fontes oficiais nos principais motores económicos instalados na vila. Así mesmo, serán analizados e comparados para coñecer a importancia dos diferentes sectores para coñecer o seu número e a proporción que representan en comparación cos demais sectores e as principais figuras xurídicas escollidas polos empresarios allaricenses no período 2014-2020 comezada xa a recuperación da crise económica do 2008.

6.1. Agricultura.

Gráfica 19. Agricultura. Allariz. 2014-2020.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

Hai que facer referencia á falta de datos dende os anos 1999 ao 2014, co cal o período no que se fai a análise é menos representativo que no caso dos demais sectores.

No ano 2015 prodúcese o pico desta serie contabilizando un total de 49 empresas que traballan no

sector da agricultura, principalmente derivadas da actividade gandeira e da produción apícola.

Dentro deste sector resaltan unha serie instalacións que son chave no atractivo turístico que actualmente rexistra a vila e que sobre todo, permiten fixar poboación no rural a través do desenvolvemento de actividades económicas que permiten o sustento de varias familias, entre elas destacan:

- **Ecoespazo e Centro Medioambiental “ O Rexo”**. Situado na parroquia de Valverde (Allariz), está composto por unha granxa de Ovina de leite e unha queixería así coma un contorno artístico que se integran co medio ambiente e do cal o gando é o principal protagonista, xa que coa súa presenza lógrase establecer un equilibrio ecolóxico capaz de facer fronte a fenómenos naturais coma os incendios.
- **Ecoleia**. Nace coma un proxecto de explotación de leite vacún artesán situada na parroquia de San Miguel de Torneiros e que nutre de leite fresca pasteurizada tanto a veciños coma a diferentes locais de hostalería da Vila.
- **Briugu Allariz**. Fixan a súa actividade na cría de exemplares de Boi autóctono. Está composta por varios gandeiros que distribúen a súa actividade por diferentes parroquias do Concello e que cunha estrutura loxística propia achegan os produtos

cárnicos obtidos da cría en liberdade dos exemplares tanto para a hostalería da Vila coma para particulares que a demanden.

- **Petelo.** Empresa familiar de nova xeración especializada principalmente na colleita e transformación da castaña así coma da elaboración de comestibles artesáns. Chegan a cubrir mercados internos e internacionais.


A maiores dos exemplos expostos tamén destacan certas explotacións de gando ovino e caprino que manteñen os métodos tradicionais de pastoreo e que son os responsables de manter as extensas áreas de pasto nas que se van desprazando libres de maleza, que é a responsable da rápida propagación dos incendios, permitindo así que se xeren corta-lumes naturais.

Así mesmo, cabe mencionar tamén certas explotacións gandeiras especializadas tanto no sector cárnico coma leiteiro que tamén contribúen en gran medida a conter eses fenómenos naturais grazas ao coidado dos montes con plantacións tanto herbáceas coma de cereais, tubérculos, etc. fundamentais tamén, para a alimentación do gando e coas que se contribúe a manter unha maior autonomía coa exportacións de materias primas e un aforro considerable nas emisións de gases de efecto invernadoiro.

Como se menciona ao principio deste punto, a falta de un maior período temporal, impiden facer un análise rico sobre as tendencias, a situación actual e pasada e demais factores que afectan a este sector.

6.2. Industria.

Gráfica 20. Industria Allariz. 1999-2020.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

Allariz non destaca por ter un tecido industrial amplo como se analizará no punto 8.3 Tecido empresarial e 8.4 Ranking de facturación.

Os principais sectores industrias que ten a Vila resúmense en 4 categorías principais que, en función da súa representatividade son: Industria da alimentación cun vinte e dous por cento do total, confección de

roupa para vestir cun vinte por cento, a fabricación de produtos metálicos cun quince por cento, e a reparación e instalación de maquinaria industrial cun dez por cento.

Dentro da serie 1999-2007, obsérvase un aumento no número de industrias dentro dese período, en concreto de quince. Nos anos 2004 e 2007 é onde se atopa o maior crecemento anual de industrias, máis en concreto rexistran un crecemento do 8,3% e 9,15% respectivamente.

Coa chegada da crise económica do 2008, prodúcese unha degradación do tecido industrial cun descenso medio entre os anos 2007 e 2014 do -2,4% anual sendo nos anos 2009 e 2011 onde se producen as perdas máis acusadas que se rexistran neste período.

Por último dende o 2014 ao 2020, prodúcense dous grandes movementos en canto á recuperación desa tendencia que se estendía durante xa sete anos. O crecemento rexistrado entre os anos 2014 e 2015 (un 8,2%) vese solapado pola caída no peso deste sector no seguinte ano.

Entre o 2017 e o 2018 volve a recuperarse a dinámica non crecemento que de novo se verá solapado polas caídas rexistradas no 2019 e o impacto da Covid-19 no 2020 que despois das medidas sanitarias xa coñecidas e recollidas no Real Decreto-ley 8/2020, de 17 de marzo, que afectaron principalmente á mobilidade e á economía que tamén repercutiron nos hábitos de consumo dos axentes sociais e que provocou que moitos sectores volvesen a atoparse nunha situación semellante que na da crise económica de 2008.

Pese a presentar unha perda moi pronunciada e pese a non ser a maior caída que experimentou a Vila dentro deste período (tan só superada polos anos 2011 e 2016) non debemos de subestimar este dato xa que nos deixa cunhas cifras semellantes ás do ano 2000 e 2002, provocando unha involución grave neste sector de actividade.

Pese a tendencia negativa que persiste no sector agrario, este sector é o que presentou as peores cifras dentro deste epígrafe, demostrando que é un dos sectores máis vulnerables ou dependentes en tempos de recesións económicas sexan ou non provocadas pola propia economía ou por unha enfermidade coma a do Covid-19.

6.3. Construción.

Como é de imaxinar, este debería de ser os sector que máis notou o impacto da crise económica que tamén recibe o nome de crise do ladrillo debido a como afectou no sistema de financiación das principais construtoras e a súa dependencia coas diferentes fontes de financiación máis recorridas polo sector na época.

Esta gráfica non reflexa un impacto tan directo como por exemplo o do sector industrial que se recolle no punto anterior. A gráfica divídese en 4 franxas das que:

- **1999-2009:** nestes dez anos podemos observar como case se duplican o número de empresas do sector. Dende o 99 ata o 2006 recóllese unha tendencia positiva na creación de novas empresas que presentan unha taxa de crecemento media anual do seis coma un por cento, destacando os anos 2007 e 2008 nos que dun ano a outro se incrementan o número de empresas deste sector nun 25% anual o que xustifica o pronunciado ascenso que se rexistra na gráfica. Pese ao significativo da cifra tan só de 2008 a 2009 se perde un 11% anual de todo o tecido do sector.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

- **2010-2019:** este período ven marcado polas continuas fluctuacións rexistradas no número de empresas que se crean no sector. É un período no que en xeral se pode falar de recuperación xa que a súa taxa de crecemento anual ronda o cero coma seis por cento, que pese a ser escasa, está compensada polos períodos de crecemento rexistrados entre os anos 2011 e 2014 que compensan as perdas derivadas das caídas no número de empresas do sector rexistradas na gráfica.
- **2020:** pese ao pouco actualizados que están os datos que acumulan un retraso de dous anos e tamén en parte polas situacións derivadas da pandemia do Covid-19, podemos afirmar que a pandemia repercutiu negativamente no crecemento que estaba a experimentar o sector, en tan só un ano prodúcese unha caída do seis coma nove por cento no crecemento en comparación co mesmo período do ano anterior. Pese a reflexar unha caída moi pronunciada non é das maiores que se rexistraron na serie histórica, destacando os picos xa mencionados anteriormente.

6.4. Sector servizos.


É o sector que mellores cifras en canto ao crecemento se refire presenta na Vila. Isto amosa a realidade económica da Vila e cal é a principal corrente económica, polo menos en número da realidade económica de Allariz.

Tense que por en manifesto que pese a ser o sector maioritario en canto a número non ten porque ser necesariamente o sector con maior volume de facturación nin que proporcione o principal nicho de emprego da Vila, pese a ser en base ás cifras un sector pleno auxe e que podemos cualificar de oportunista, xa que se adaptou dun xeito moi positivo á tendencia que arrastraba a crise económica nos demais factores de

producción, xa que esta non foi capaz de dobregar a tendencia que en canto a crecemento viña rexistrando.

Para unha mellor análise podemos dividir o período temporal en tres que comprendan os anos:

Gráfica 22. Servizos. Allariz. 1999-2020.



Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E.

- **1999-2009:** cunha taxa media de crecemento anual ata o ano 2008 dun catro coma un por cento anual, estancándose esa cifra entre ese mesmo ano e o 2009 debido á falta de información nos mercados, á falta de crédito bancario e á paralización da economía española derivada do gran número de traballadoras e traballadores que compuñan o sector.
- **2010-2019:** Agás no caso do sector agrario, no resto de sectores os anos 2012 e 2013 están marcados pola recesión na unidade de empresas que compoñen os distintos sectores produtivos; as constantes políticas de recortes⁶⁶ ditadas dende o Goberno Central para tentar frear a taxa de débeda pública no conxunto do Estado. Provocaron un estado de desinformación que repercutiu na percepción subxectiva en canto a viabilidade económica dese tipo de negocio por parte dos individuos que pretendían emprender dentro deste sector e que debido ao contexto nese ano preferiron non abrir novos negocios e incluso se degradaron parte dos xa existentes. Superada esa pequena recesión dende o ano 2014 ao 2019 o crecemento volve acadar cifras positivas e presenta un crecemento anual medio do dous coma dous por cento, que pese a ter un ritmo de crecemento da metade do que experimentou no período dos anos 1999 a 2007, é un dos maiores crecementos que se experimentaron en todos os sectores produtivos dende que sufrimos as consecuencias da crise económica.
- **2020:** é o ano no que comeza a pandemia de Covid-19. En Allariz é unha Vila na que o sector servizos está composto maioritariamente por establecementos do pequeno comercio e a venda ao por menor, estas representan o trinta por cento do total deste sector, a hostalería; representa o quince por cento do total do sector e as actividades

⁶⁶ El Mundo (2012): "España sufrirá en 2013 lo peor de la crisis con el paro al borde del 27%". Consultado o 03/05/2022.

profesionais, científicas e técnicas cunha representatividade do doce coma dous por cento. Á hora de identificar quen sufriu máis pola caída rexistrada no 2020 dun dous coma dous por cento, destacan os servizos de informática e telecomunicacións perden un trinta e tres por cento da súa masa en comparación co mesmo período do ano anterior seguido pola hostalería. Os servizos de transporte e os estudos de arquitectura perden en conxunto un sete por cento da súa masa en comparación ao ano anterior. Pese ao número de peches, tamén hai sectores que creceron a un ritmo o suficientemente alto como para que fose capaz, en parte, de situar a caída anual no dous por cento, estes servizos foron os da educación e outros servizos, que creceron a un ritmo do seis por cento anual e os servizos sanitarios cun catro por cento de crecemento.

7. Estructura empresarial de Allariz.

Xa exposta a natureza do tecido empresarial de Allariz en función da súa evolución histórica, a representatividade de cada un dos sectores e o papel que teñen nos períodos de recesión e crecemento económico. Neste apartado a análise centrarase na análise das figuras xurídicas que escollen principalmente os empresarios da Vila, o nivel de competitividade que teñen dentro do mercado e a representatividade que adquiren en función do número de traballadoras e traballadores.

7.1. Definicións e principais figuras xurídicas.

Para formalizar esta análise defínense as principais figuras xurídicas en base á normativa vixente para facilitar a comprensión da escala executiva que compoñen as principais actividades económicas da Vila.

- **Autónomos**: a Ley 20/2007, de 11 de julio, del Estatuto del trabajo autónomo define esta figura coma todas as *“personas físicas que realicen de forma habitual, personal, directa, por cuenta propia y fuera del ámbito de dirección y organización de otra persona, una actividad económica o profesional a título lucrativo, den o no ocupación a trabajadores por cuenta ajena”*.
- **Sociedades Anónimas**: Son sociedades de capital de carácter mercantil constituídas por persoas físicas, xurídicas ou “en forma sucesiva por suscripción pública de acciones⁶⁷” nas que o seu capital está distribuído polos

⁶⁷ Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Sociedades de Capital. Art. 19.3

socios en forma de accións que terán que ser aportadas polos mesmos antes da súa constitución⁶⁸ que cubran un capital mínimo de 60.000€.

- **Sociedades de responsabilidade Limitada:** Son sociedades de capital de carácter mercantil constituídas por persoas físicas, xurídicas vanse a constituír por contrato entre dúas ou máis persoas. Precisan un capital social para a súa constitución de 3.000€ e dividen o seu capital social en participacións.
- **Sociedades Cooperativas:** Son sociedades de capital de carácter mercantil constituídas por persoas físicas, xurídicas deberán estar integradas, polo menos, por tres socios⁶⁹ e que “*que se asocian, en réximen de libre adhesión y baja voluntaria, para la realización de actividades empresariales, encaminadas a satisfacer sus necesidades y aspiraciones económicas y sociales, con estructura y funcionamiento democrático*” según recolle o Art. 1. . da Ley 27/1999, de 16 de julio, de Cooperativas.

As principais figuras xurídicas que están detrás dos sectores de actividade son:

Táboa 7 Rexistro das principais figuras xurídicas da Vila.

Autónomos	Sociedades anónimas
342	5
364	5
363	5
385	5
386	5
384	5
372	5
Sociedades de responsabilidade limitada	Sociedades cooperativas
140	4
141	5
136	4
136	4
138	4
134	5
124	5

Fonte: Elaboración propia en base aos datos obtidos polo I.G.E.

⁶⁸ Tendo en conta o mesmo RD agora cabe facer mención dos Art. 1.3 e art. 2.

⁶⁹Ley 27/1999, de 16 de julio, de Cooperativas. Art. 8. 1.

Unha vez definidas as diferentes figuras xurídicas, cabe comezar coa análise da representatividade que posúen entre a totalidade das mesmas.

Como se pode apreciar na táboa e dentro do período de 2014-2020 a personalidade xurídica máis escollida é a da Traballadora/-or Autónoma/-o que representa no ano 2020 o sesenta e oito por cento dos empregadores alaricanos, seguidas polas Sociedades de responsabilidade Limitada cunha representatividade do vinte e tres por cento. Tanto as Sociedades Anónimas coma as Sociedades Cooperativas son as Personalidades Xurídicas menos escollidas, co un por cento do total.

7.2. Ranking de facturación.

As empresas que desenvolven a súa actividade na vila non destacan polo capital social necesario para a súa constitución. Despois do traballador autónomo a segunda figura xurídica máis empregada é a da Sociedade Limitada.

Pese o menor esforzo económico á hora da constitución nas dez primeiras empresas que máis facturan e expostas na táboa 7 os seus volumes de negocios oscilan entre os trinta millóns de euros e os seiscentos mil euros.

Na cabeceira desta lista atópase Incalplas S.L, unha empresa asentada no polígono Industrial de Chorente e especializada na fabricación de pezas plásticas para a industria do automóbil, a falta dos datos de 2021 2 do primeiro trimestre de 2022 vese que veñen experimentando unha precipitada variación negativa no seu capital.

Nos seguintes catro postos e agrupadas entre os tres millóns de euros e os seis millóns de euros, atopamos o G.E.V. S.L situada no Polígono industrial de Roiriz sendo a súa actividade principal a venda de repostos de vehículos e desmantelamento dos mesmos; E. J. B. Situada no Polígono Industrial de Chorente, a súa actividade principal é o sector do transporte por estrada.

Xa fora dos tres primeiros postos están S. A. C. A. S.L cun supermercado Eroski, Allarluz S.A empresa municipal de xestión de biomasa para a transformación en enerxía eléctrica, S. M. T. P. S.L empresa de transportes por estrada, A. S. A. S.L Estación de Servicio Galp, Ebanistería Allariz S.L mantén como actividade principal a ebanistería e carpintería.

Nos dous últimos postos deste ranking das dez organizacións que presentan unha maior facturación están M.C.S.H. S.L ten como principal actividade á elaboración de produtos cárnicos e Artavia Solutions S.L que participa no mercado comerciando con ataúdes.

Táboa 8 facturación e variación anual dos 10 empresas con maior capital da Vila.

Denominación ou razón social	Facturación 2020	Variación anual 2020	Variación anual 2019
Incalplas S.L	Entre 6 e 30 millóns de euros	-33,62%	-2,85%
Grupo Empresarial Viana S.L	Entre 3 e 6 millóns de euros	-14,71%	-16,91
Eurotransportes J. Blanco	Entre 3 e 6 millóns de euros	9,17%	16,99%
Supermercado A Conde Allariz S.L	Entre 3 e 6 millóns de euros	4,51%	29,87%
Allarluz S.A	Entre 3 e 6 millóns de euros	0,07%	-7,51%
Servicio de mediación de transportes Pardo's S.L	Entre 1,5 e 3 millóns de euros	-9,70%	-19,66%
Área de servicio Allariz S.L	Entre 1,5 e 3 millóns de euros	-23,57%	3,04%
Ebanistería Allariz S.L	Entre 0,6 e 1,5 millóns de euros	-37,87%	-8,79%
Manuel Cid Salgado e Hijos S.L	Entre 0,6 e 1,5 millóns de euros	-5,37%	16,13%
Artavia Solutions S.L	Entre 0,6 e 1,5 millóns de euros	32,79%	---

Fonte: Elaboración propia en base aos datos recollidos en Universia.

7.3. Empresas por número de traballadoras.

Táboa 9 Porcentaxe de empresas por número de traballadores dende os anos 1999 a 2020.

	99	00	01	02	03	04	05	06	07	08	09	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
total	319	328	330	342	353	367	381	401	433	451	436	461	488	496	480	553	589	588	593	586	590	554
% de 0 a 2	91	89	88	88	88	86	86	86	86	85	86	87	88	89	89	86	86	87	87	86	85	85
% de 3 a 5	4	5	7	7	8	9	8	8	8	8	8	8	8	7	8	8	8	9	8	8	9	8
% de 6 a 9	3	3	2	2	1	2	3	3	3	3	3	3	3	2	1	3	3	2	3	2	3	3
% de 10 a 19	1	1	2	2	2	2	2	1	2	2	2	2	1	2	1	2	1	1	1	2	2	2
% de 20 a 49	0,9	1,2	0,9	1,2	1,4	1,1	1,0	1,2	1,2	1,1	0,9	0,9	0,6	0,4	0,6	0,2	0,8	1,4	1,2	1,4	1,2	1,4
% de 50 a 99	0,3	0,3	0,3	0,3	0,0	0,3	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,0	0,2	0,2	0,2	0,0	0,2	0,2	0,2
% de 100 a 249	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0

Fonte: Elaboración propia en base aos datos do I.G.E.

O groso da ocupación que ofrece o tecido empresarial da Vila de Allariz principalmente está constituído por micro-empresas asociadas principalmente coa figura dos autónomos e en concreto o sector no que teñen maior representación é no sector da hostalaría e en menor medida o sector da construción e gandaría.

Continuando coas micro-empresas, a única capaz de fortalecerse co tempo foi aquela na que se atopaban entre 3 e 5 traballadores, sendo a micro-empresa de 0 a 2 traballadores a que experimentou, pese a facelo de xeito gradual a maior das variacións.

Dentro das actividades económicas da Vila debemos destacar que a fonte principal do emprego ofértano as micro-empresas, deixando en evidencia a capacidade que ten Allariz para atraer un sector industrial forte que axude a ocupar a un amplo número de traballadores e que ao mesmo tempo lle permita á Vila fixar un maior número de habitantes que favorezan o crecemento por exemplo na taxa de natalidade ou na de poboación que se abordan nos puntos 4.1 e 4.4 deste mesmo estudo.


8. Poboación allaricense e a súa relación co traballo.

Neste punto vanse a expor unha serie de apartados centrados na interacción da poboación de Allariz e o traballo; para iso farase unha interpretación dos datos expostos en diferentes gráficas e cadros obtidos de fontes coma o I.G.E.

É un dos apartados máis importantes do traballo de fin de grado xa que está completamente vinculado ás ensinanzas cursadas no grado. Desenvólvense temas chave para a identificación dos diferentes elementos que configuran o Mercado Laboral na Vila. Identificaranse facendo unha especial comparación co apartado 4 “ Poboación. Principais indicadores e movementos naturais de Allariz” onde se expuxeron conceptos chave para unha interpretación máis intuitiva deste apartado.

8.1. Afiliación á Seguridade Social en Alta por réxime e sector.

Gráfica 23. Total de afiliacións á Seguridade Social en Allariz nos anos 2006 a 2022.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Os datos da gráfica 22 mostran unha tendencia á alta no número de afiliacións. Dende o ano 2006 ao 2022 aumentou un vinte e sete coma oito por cento o número de afiliados. Pese ao impulso que experimentou o número de afiliacións na primeira

franja de 2006 a 2008⁷⁰ a crise económica produciu unha considerable redución no número de afiliacións, que non conseguirán recuperar ata ben entrado o ano dous mil catorce.

En canto ao sectores dos que se atopan datos a partir do ano dous mil nove, podemos dicir que ata o ano 2014 (en consonancia coa caída nas afiliacións que recolle a gráfica 22) o sector que vai gañando máis representatividade dende o comezo da serie histórica dos datos é o servizos, que pese o aumento de representatividade non consegue paliar o seu crecemento co deterioro de sectores coma os da construción, industria e por último da agricultura.

A reforma laboral recollida no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro coas reformas que inclúe principalmente nas disposicións adicionais, facilita a contratación temporal (seriamente castigada coa introdución do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo), e que de seguro, ao facer o cómputo no número total de afiliacións, as cifras reflexan unha maior cantidade de afiliacións (un mesmo individuo pode cursar varias altas ao longo dun trimestre).


Coa chegada da Pandemia de Covid-19 no primeiro trimestre do ano dous mil vinte, vemos como a tendencia na afiliación sofre un brusco cambio que a fai perder o número de afiliados e na que non volverá a presentar tendencias positivas ata entrado o segundo trimestre do ano dous mil vinte e un coa menor presión que exercían as medidas sanitarias recollidos no xa mencionado Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo.

Pese a menor representatividade que ocupa a afiliación no sector gandeiro, foi un dos que máis aumentou no número de afiliados en comparación ao trimestre anterior á crise da Covid-19, (outubro, novembro e decembro de 2019), cun aumento de pouco máis do 25% seguido do sector servizos que presenta un incremento do 3% pese a que é o sector máis representativo (presenta unha predisposición maior cara a temporalidade contractual) como mostra a gráfica 23.

En canto á representatividade dos sectores, como xa mencionamos no parágrafo anterior, a hostalaría é o sector principal no que de media se concentran o maior número de afiliacións seguido da industria pero considerablemente distanciado do sector servizos polo número de afiliados que ostentan entre os dous.

⁷⁰ En concreto un 10% en comparación ao número de afiliados rexistrados no ano dous mil seis.

Gráfica 24. Representatividade media de cada sector para a afiliación á S.S. no período 2009-2022.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

nesta gráfica 23, pódese afirmar que, pese á diferenza numérica de organizacións, presenta un maior número de afiliacións o sector industrial que o da construción. Esta paradoxa ten a súa resposta na táboa 9, que nos amosa como nos períodos de dous mil dezasete a dous mil vinte unha estabilidade no número de empresas que non descendeu das cincocentas cincuenta e das que se aprecia un cambio na tendencia histórica da serie que provoca unha caída no número das empresas que contan con 0 ou 2 traballadores e un número récord de organizacións que empregan entre 6 e 99 traballadores. Con isto non se pode xustificar a diferenza entre o sector da construción e o da industria xa que un taller de mecánica do automóbil ou un supermercado pertencen ao sector servizos e poden empregar a 6 ou máis traballadores, mais as empresas que superan os 20 traballadores é máis probable que se predispoñan máis cara unha estrutura de tipo industrial.


Como mostra a gráfica 23, a agricultura segue a ser o sector menos favorecido das series nas que foi descrito. Como ata o de agora nos mostraban os datos do volume de empresas en Allariz, o sector da construción conta cun maior número de empresas en comparación o sector da industrial, pois ben,

8.2. Autosuficiencia no emprego.

A definición que recolle o I.G.E. esclarece que: “A autosuficiencia en emprego mostra a relación existente entre os traballadores que exercen a súa actividade nas empresas dun territorio coa poboación residente no mesmo territorio e que está ocupada, ben sexa neste ou noutro lugar, tomando como data de referencia o último día do ano.”⁷¹

⁷¹ I.G.E.: <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=ga&paxina=002&c=-1&gnp=0&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=01010010010000>. Consultado o 25/05/2022.

Gráfica 25. Autosuficiencia do mercado laboral en Allariz.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

compoñentes laborais (forman parte da satisfacción laboral global).

A distancia representa un factor máis dentro dos custos laborais que enumera dentro do que denomina como esforzo laboral⁷². Algúns autores coma Fernández, J. R., Díaz, J. M. C., & Bañuls, A. L. (2014) relacionan o tempo de desprazamento co nivel de estudos, vencellando aos estudantes con títulos universitarios que ante a sobreformación que teñen para os mercados locais, cos que maiores distancias percorren para acudir ao seu posto de traballo.

Observando a gráfica 24 apréciase como dende o comezo do período analizado ata o dous mil dezasete se logra manter por enriba do setenta por cento o número de traballadores residentes que traballan nalgunha empresa de Allariz. Nos últimos tres anos da secuencia histórica o Municipio perde un oito coma sete por cento dos traballadores dende o ano dous mil dezasete ata o dous mil vinte.

Allariz logra darlle ocupación a case tres cuartas partes da súa masa laboral.

Unha vez definida, a presenza deste punto xustifícase coa necesidade de coñecer a capacidade que mostra Allariz para reter aos traballadores residentes dentro do propio municipio. Outro factor que motivan este apartado é a análise da que fala García Mora M. B. (2003) do departamento de Economía Aplicada da Universidade de Valencia sobre a influencia na distancia que ten que percorrer un traballador para chegar ao seu lugar de traballo relaciónao coa satisfacción dos

⁷² García Mora, M. B. (2003). *Efectos de la educación sobre los determinantes de la satisfacción laboral en España. Un análisis de los beneficios monetarios y no monetarios en el mercado de trabajo mediante modelos logit ordenados*. Tesis doutoral.

8.3. Evolución da sinistralidade laboral e índice de incidencias de accidentes de traballo.

Táboa 10. Número de accidentes laborais clasificados en leves, graves e mortais en Allariz no período 1995 a 2020.

Allariz	Total	Leves	Graves	Mortais
1995	19	17	2	0
1996	41	39	2	0
1997	39	37	2	0
1998	25	24	1	0
1999	31	29	2	0
2000	48	47	1	0
2001	30	29	1	0
2002	28	28	0	0
2003	2	0
2004	29	27	2	0
2005	34	32	1	1
2006	37	35	2	0
2007	36	34	2	0
2008	56	55	1	0
2009	30	29	1	0
2010	38	38	0	0
2011	22	21	1	0
2012	18	17	1	0
2013	20	19	1	0
2014	24	21	2	1
2015	26	26	0	0
2016	35	35	0	0
2017	35	34	1	0
2018	30	29	0	1
2019	30	30	0	0
2020	27	26	1	0
Sumatorio	788	758	29	3

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

executa por conta allea⁷³ e enumera unha serie de circunstancias de coincidencia imprescindible para poder clasificalos como tal. A Lei de Prevención de Riscos Laborais (L.P.R.L. a partir de agora.) no seu art. 8. 4. D) recoñece os tres grados de clasificación dos accidentes laborais en graves, moi graves e mortais ou doutros que polas súas características merecen a súa consideración.

Cabe facer mención das diferentes clasificacións dos accidentes ben sexa laborais ou non laborais, se son laborais pódense clasificar en grupos como os producidos no propio traballo, tamén coñecidos como accidente *in itinere*; en función de que causen ou non baixa médica, ou coma os expostos na táboa número dez deste mesmo apartado, os accidentes de traballo que producen danos clasificados en función da súa gravidade.

A Lei Xeral da Seguridade Social (L.X.S.S. a partir de agora) define o accidente de traballo no seu art. 156, enténdese que o accidente laboral é toda lesión que sufra o traballador con motivou ou a consecuencia do traballo que

⁷³ Dentro desta definición e grazas á relativa novidade que introduce a Sentenza Nº 2096/2016 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, da Sala do Social, Sección 1, REC 3510/2015 do 12 de Abril de 2016, recoñécelles igual cobertura polo art. 156 da L.X.S.S. aos cargos electivos sindicais no momento de executar as funcións propias e por todas os accidentes que lle acontezan por ocasión ou como consecuencia do desempeño de cargo electivo sindical.

Neste caso o I. G. E. Fai unha pequena discriminación do concepto da L. P. R. L. e recolle os datos dos accidentes leves, moi graves e mortais. O que mostra a táboa número 10 é que o noventa e seis coma dous por cento dos accidentes laborais que producen algún tipo de dano nos traballadores son de carácter leve e que de media cada mes do ano se produciran dúas baixas laborais de carácter leve.

Por sorte, a gravidade dos accidentes laborais e dos pasamentos a causa así coma a súa frecuencia distan enormemente das cifras que acadan o carácter leve; lonxe de celebrar unhas cifras moito máis significativas, son maiores das que pretenden as leis en materia de seguridade laboral ou hixiene e saúde no traballo a L.P.R.L., que buscan acadar un cifra o máis preto do cero posible, pese a soar utópico.

En función dos datos e do período analizado falamos de que tanto os accidentes moi graves coma os que producen a morte representan un tres coma sete e cero coma tres por cento respectivamente. Con isto, pódese afirmar que se producen aproximadamente un accidente moi grave ao ano e un falecido por mor dun accidente laboral aproximadamente unha vez cada dez anos.

➤ **Índice de incidencia de accidentes de traballo:**

O I. G. E. define o índice de incidencia de accidentes de traballo coma “o cociente entre os accidentes en xornada de traballo con baixa e a media anual dos traballadores afiliados en situación de alta laboral nos réximes que teñen cuberta a continxencia de accidente de traballo.”⁷⁴

É interesante facer a comparación para coñecer o grado de representatividade ou no caso de que sexan un problema coñecer o grado derivado da alta incidencia destes accidentes laborais entre o total dos afiliados.

⁷⁴ I.G.E.:

<http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=ga&paxina=001&c=0204037002&gnp=0&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=02040370020000>. Consultado 25/05/2022.

Táboa 11. Índice de sinistralidade en Allariz no período de 2006 a 2020.

Allariz	Accidentes laborais	Afiliacións á S. S.	Índice sinistralidade
2006	37	1825	2%
2007	36	1948	2%
2008	56	2006	3%
2009	30	1990	2%
2010	38	1979	2%
2011	22	2031	1%
2012	18	1999	1%
2013	20	1959	1%
2014	24	2005	1%
2015	26	2052	1%
2016	35	2100	2%
2017	35	2134	2%
2018	30	2216	1%
2019	30	2269	1%
2020	27	2216	1%

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Como se pode apreciar na táboa número 11 o índice de sinistralidade acada pouco máis do un por cento anual co cal podemos descartar calquera hipótese que recoñeza o contrario.

O mantemento destas cifras implica unha correcta interpretación e aplicación tanto por parte dos traballadores por conta allea e dos empresarios, que ambos

deben de velar pola seguridade nos centros ou lugares de traballo pese a que a distribución das responsabilidades derivadas dos accidentes de traballo tal e como recolle a normativa vixente (L.P.R.L.) sexan considerablemente diferentes.

8.4. Contratos rexistrados segundo nivel de formación e modalidade do contrato.

Táboa 12. Contratos rexistrados seaundo o nivel de formación.

	Total	Analfabetos	Estudos primarios	Estudos secundarios	Estudos superiores	Sen clasificar
2002	765	4	3	660	98	0
2003	755	5	4	641	105	0
2004	700	7	7	564	122	0
2005	752	5	23	617	107	0
2006	891	2	22	719	148	0
2007	1142	14	27	907	194	0
2008	1056	15	34	859	148	0
2009	792	7	46	572	167	0
2010	717	8	48	532	129	0
2011	747	18	32	572	125	0
2012	895	9	117	645	116	8
2013	955	14	162	650	128	1
2014	964	6	260	544	154	0
2015	1092	5	251	680	150	6
2016	1186	1	256	752	177	0
2017	1284	5	259	845	175	0
2018	1581	7	318	1078	176	2
2019	1474	2	274	995	202	1
2020	1147	4	172	772	198	1
2021	1439	5	252	890	291	1
Sumatorio	20334	143	2567	14494	3110	20
Representatividade		1%	13%	71%	15%	0%

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Co obxectivo de coñecer o nivel de formación principal esixido na meirande parte dos contratos executados nun ano formulouse a táboa número 12 que nos mostra o total dos contratos producidos en Allariz nun ano comprendido entre os da serie de dous mil dous a dous mil vinte e un e os principais graos educativos.

Na serie rexistrada na Vila de Allariz destacan con enorme diferenza, xa que son preto das tres cuartas partes do número de contratos rexistrados tan só eran esixibles por contrato haber cursado e dispor do título de Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.). As ensinanzas inferiores á E.S.O. en conxunto suman o oitenta e cinco por cento do total das contratacións o que nos indica o pouco técnico que está o mercado laboral en Allariz por mor de que as principais demandas de traballadores chegan con postos que non requiren dunha formación académica superior e que está vinculado en gran medida ao disposto no apartado 5.2 Emigrantes. Movementos xeográficos cando se fala da necesidade de emigrar daqueles que están en posesión de títulos de ensinanzas superiores pero que debido á falta de ofertas laborais deciden en emigrar⁷⁵.

No caso das modalidades de contratación imos facer referencia principalmente ás modalidades máis significativas, en concreto son catro e definirémolos coa correspondente redacción que se establece no Estatuto dos Traballadores (a partir de agora E.T.) e demais medios recoñecidos polo Dereito:

- **Indefinido ordinario:** son todos os contratos que se van a celebrar cunha duración indeterminada, é dicir, non van a reflexar ningunha fecha na que se rescinda o mesmo⁷⁶. Admite tres celebracións compatibles co disposto no E.T. contrato a tempo parcial e de relevo (art.12 E.T.), fixo-descontinuo (Art. 16 E.T.) e a xornada completa.
- **De obra ou servizo:** o réxime xurídico atópase na redacción do art. 2 do RD 2720/1998, de 18 de decembro onde nos dá que é un contrato que pese a estar limitado no tempo, ten unha duración incerta. Coa entrada en vigor da recente reforma laboral reflexada no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro desaparece este tipo de contratación e tan só permite a celebración dos contratos eventuais por circunstancias da produción.


⁷⁵ Cabe facer fincapé ao exposto no apartado 5.2 Emigración. Movementos xeográficos. Sobre o factor psicolóxico determinante para dar o paso e emigrar, fálase de que a maioría destes estudantes tiveron que abandonar a residencia familiar para residir de xeito temporal noutra cidade mentres realizan os seus estudos e esa experiencia ou información (en termos económicos) facilita que o traballador se decante polo camiño da emigración.

⁷⁶ S.E.P.E. <https://www.sepe.es/HomeSepe/que-es-el-sepe/comunicacion-institucional/publicaciones/publicaciones-oficiales/listado-pub-empleo/guia-contratos/guia-contratos-introduccion/contrato-indefinido>. Consultado o 25/05/2022.

- **Eventual por circunstancias da produción:** o réxime xurídico está suxeito ao disposto art. 15. 2 E.T. sendo modificado parcialmente recentemente polo Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, que o fixa como o contrato marco da temporalidade.
- **Interinidade:** atópase recollida no Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, que no art. 4, no paragrafo un expón que este celebre cando se precise realizar unha substitución dalgún traballador durante o tempo que sexa necesario con dereito a reserva do posto e por xornada completa (art. 5. Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro)
- **Prácticas:** o Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro asume unha nova redacción que dispón os tipos de contratos en prácticas que se poden obter no art. 1.1 coma o contrato de prácticas para obter unha acreditación profesional, contrato de formación en alternancia e o contrato de prácticas para obter unha acreditación profesional en función ao nivel de estudos. Fíxase unha duración mínima de seis meses, e unha duración máxima de un ano.


Agora, expóranse de forma detallada en función do nivel de estudos cales son os tipos de contratos que son máis frecuentes para cada un dos niveis académicos xa reflexados na táboa 12.

Gráfica 26. Figuras contractuais para analfabetos en Allariz. anos 2002 a 2021.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Gráfica 27. Figuras contractuais para graduados en estudos primarios en Allariz. Período 2002 a 2021.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Como reflexan as gráficas 25 e 26 para eses dous niveis académicos o tipo contractual co que se atopará con maior probabilidade será o contrato eventual por

circunstancias da produción. Tanto os traballadores analfabetos coma os traballadores que tan só teñen estudos primarios, van a padecer aproximadamente nun noventa e tres por cento dos casos un contrato laboral de duración determinada.


Como se pode apreciar na táboa 12, ambos niveis de estudos tan só representan un catorce por cento do groso da contratación, non chegando a ser os máis significativos nin relevantes, pero contribúen coas súas cifras tanto no número das contratacións coma no tipo ou clase das mesmas para coñecer a situación dos grupos dentro do mercado laboral da vila de Allariz.

Como xa mencionamos con anterioridade, pero se volve a recalcar pola novidade e actualidade das modificacións que sufriron en concreto os contratos de obra e servizo e os eventuais por circunstancias

da produción a través do Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, pasarán a ser coñecidos baixo a única denominación de contratos por circunstancias da produción como unha medida máis para reducir a temporalidade xa no mercado laboral nacional. A consecuencia disto na actualidade os diferentes medios de


recompilación de datos seguirán empregando as dúas figuras xa que a figura dese contrato, pese a que non se vai a seguir empregando, o mesmo Real Decreto di que van a continuar perdurando xa que permite manter os contratos de obra e servizo que no momento da entrada en vigor do real decreto estaban constituídos conforme ao dereito e durante o tempo.

Gráfica 28. Figuras contractuais para os estudos secundarios en Allariz. Período de 2002 a 2021.



Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Gráfica 29. Figuras contractuais para os estudos superiores en Allariz. Período de 2002 a 2021.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.


No caso dos estudos secundarios e superiores presentan diferencias entre eles xa que mudan claramente no tipo de contratos que experimenten. En liñas xerais vese como os traballadores con estudos superiores son o grupo ao que menos se contrata baixo a modalidade de eventual por circunstancias da produción e os que máis se contrata baixo a modalidade de obras e servizos e a

modalidade de interinos coa que case coinciden en representatividade coa franxa dos analfabetos máis non se traduce nunha coincidencia numérica.

Pese a variación nas modalidades de contratación mantense un patrón bastante claro dunha temporalidade que non descende do noventa por cento das contratacións nos tipos de contratos que priman para os diferentes niveis de estudos. A consecuencia disto tradúcese nunha falta de expectativas e de oportunidades para os cidadáns da Vila que ou ben se ven na situación de estar encadeando contratos temporais xa expostos antes ou decide centrar a busca dun emprego estable fora do Municipio, chegando en ocasión a ter que empregar o camiño da emigración, sexa calquera modalidade exposta no apartado 5.2 Emigración.

8.5. O paro en Allariz.

Gráfica 30. Paro total rexistrado en Allariz nos períodos de 1999 a 2022



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

O paro ven definido pola Organización Internacional do Traballo (O.I.T. a partir de agora) como recolle o art. 11.20 do Regulamento (CE) núm. 2223/96 del Consejo, de 25 de junio de 1996, relativo al sistema europeo de cuentas nacionales y regionales de la Comunidad., define o paro como “ *Según las directrices de la Organización Internacional del Trabajo (Decimotercera Conferencia Internacional de Estadísticos del Trabajo), los «parados» comprenden todas aquellas personas que, habiendo superado una determinada edad, se hallaban durante el período de referencia:*

a) «sin trabajo», es decir, no desempeñaban un empleo ni como asalariados ni como trabajadores autónomos;

b) «disponibles para trabajar», es decir, estaban disponibles para desempeñar un empleo como asalariados o como trabajadores autónomos durante el período de referencia;

c) «buscando trabajo es decir, habían realizado determinadas gestiones durante un período reciente y concreto de tiempo con la finalidad de buscar un empleo como asalariados o como trabajadores autónomos.


Las gestiones a las que se hace referencia pueden incluir: inscribirse en una agencia privada o pública de empleo; ponerse en contacto con empleadores; buscar trabajo en granjas, fábricas, mercados y otros lugares en que suelen realizarse contrataciones; poner anuncios en los periódicos o responder a ellos; requerir la colaboración de amigos o familiares; buscar terrenos, edificios, maquinaria o bienes de equipo para establecer una empresa propia; buscar recursos financieros; solicitar permiso y licencias, etc.»

Unha vez definido, é momento de interpretar os datos que temos recollidos na serie, dividida en tres tramos: 1999 a 2001, 2002 a 2013 e de 2014 a 2019 xa que se fará mención do período comprendido entre os anos dous mil vinte e dous mil vinte dous será interpretada no seguinte apartado deste mesmo epígrafe.

- **Anos 1999 a 2001:** en cifras representan o mínimo histórico dende que hai datos, en concreto é no ano dous mil un onde se rexistra o menor número de desempregados da serie. Non é posible facer unha comparación deste sector co número de empresas e sectores de actividade xa que o I.G.E. non rexistra datos neses período.
- **Anos 2002 a 2013:** como se expuxo anteriormente esta franxa está caracterizada pola Crise Económica que xa analizamos os movementos cuantitativos que producen tanto no mercado de traballo e demais mercados, o impacto nos movementos migratorios, etc. Como se pode ver na gráfica 29 os períodos previos a dous mil oito xa aparecen caracterizados por un ascenso no número de parados que atopa un equilibrio entre os anos dous mil cinco e dous mil sete que se disparan a partir do ano seguinte e deixan o máximo histórico no dous mil trece con catrocentos corenta parados.
- **Anos 2014 a 2019:** claramente reflexa un período de recuperación na que de media se reducen anualmente o número de parados un oito por cento rexistrando o menor número de parados dende a crise económica no dous mil dezanove.

➤ **Actualidade. 2020-2022.**

Gráfica 31. Paro total na actualidade. Período de 2020 a 2022.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Unha vez comentadas as características principais da serie histórica anterior, farase unha interpretación do período entre os anos dous mil vinte e dos dous primeiros meses do segundo trimestre do ano dous mil vinte e dous.

A intención é observar máis ao detalle como influíu e inflúe no mercado laboral a actual crise sanitaria do Covid-19. É significativo como no ano dous mil vinte na gráfica 29 sofre un incremento no número de parados que rompe a tendencia de recuperación económica que se viña mantendo dende o ano dous mil catorce.

A información está agrupada por trimestres coa intención de observar dun xeito máis preciso se se producen variacións significativas ou non na serie. O sector que sufriu unha maior impacto económica a consecuencia da crise sanitaria foi o sector servizos, máis en concreto a hostalaría; os contratos que se producen no sector dependen en gran medida da época do ano na que nos atopemos, habitualmente corresponden a épocas estivais.

Esta afirmación xustifícase no incremento no número de parados ata o segundo trimestre do ano dous mil vinte, onde pese a existencia de contundentes medidas sanitarias non implicou que se producisen certa presenza de turismo que desafogou o número de parados no terceiro trimestre dese mesmo ano. Unha vez comezado o cuarto trimestre e ante a menor demanda de man de obra o paro volta crecer acadando o seu máximo no primeiro trimestre do ano dous mil vinte e un onde encamiña unha tendencia cara o descenso no número de parados que permite situar

a vila por debaixo dos trescentos parados nos dous primeiros meses do ano dous mil vinte e dous.⁷⁷

8.6. Número de parados por sector. A súa evolución.

Táboa 13. Evolución do número de parados por sector. Allariz período 1999 a 2022.

Allariz	Agricultura/Gandería	Industria	Construción	Servizos
1999	5	48	39	71
2000	7	40	34	64
2001	5	42	22	59
2002	8	44	20	67
2003	6	47	23	82
2004	3	57	31	86
2005	6	69	28	101
2006	4	64	24	106
2007	5	65	24	105
2008	3	72	34	118
2009	4	87	44	135
2010	7	97	52	153
2011	7	98	61	170
2012	6	97	70	203
2013	5	108	67	238
2014	6	112	54	238
2015	9	100	47	215
2016	6	75	39	197
2017	4	66	30	209
2018	2	57	24	198
2019	3	46	27	194
2020	6	49	30	230
2021	6	48	25	225
2022	9	37	25	194

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

No presente punto móstrase como evolucionou o número de parados no período de 1998 a 2022 dentro da Vila de Allariz. A través da interpretación dos datos e coas peculiaridades que xa se teñen trato de certas franxas temporais da serie, preténdese comprender cuan estable chega a ser a contratación da vila en función dos diferentes niveis educativos. Como mostra a táboa 13 en función aos catro principais sectores de actividade pódese observar con maior detalle e grazas á escala de cores os períodos críticos nos que se incrementa (vermello) o seu valor.

O sector da agricultura e gandería continúa a ser dos menos representativos do total. Rexistra un número de parados considerablemente estables no tempo nos que as variacións no número de parados que experimenta non son o suficientemente representativas co total.

O sector da industria xunto co sector da construción presentan un comportamento similar na evolución do número de parados a consecuencia da crise económica e son capaces de manter esa recuperación nos dous primeiros anos de crise sanitaria pese a experimentar un incremento no ano 2020.


O gran grupo deste epígrafe é o sector servizos, de feito, nos dous primeiros meses do ano 2022, concentra o setenta e tres por cento do total de parados. Debido ao amplo número de parados é o que experimenta os cambios máis significativos no

⁷⁷ Cabe volver facer mención de: La Región (2021): “Récord de facturación en Allariz en un año “excepcional” consultado o 29/04/2022.

número de parados durante tempos de recesión económica como reflexan os datos entre o ano 2008 e 2014 cun incremento entre os dous anos de preto dun 49%. Cabe facer mención da gráfica número 22 onde se ve que nos primeiros dous anos da crise de 2007-2008 o número de empresas que desenvolven a súa actividade no sector servizos estáncase despois de encadear un período de crecemento continuo que non remontará ata pasado o ano 2010 no que o sector comeza a crecer, pero como reflexa a táboa 12 ese crecemento non é capaz de xerar o suficiente emprego ata o ano 2015, onde comeza o primeiro síntoma de recuperación.

Tan só cinco anos despois de comezar a súa recuperación en canto á demanda de man de obra, chega a crise sanitaria do ano 2020 e produce que as cifras de paro recuperen as cifras dos períodos máis críticos da crise económica.

Gráfica 32. Paro rexistrado por sectores en Allariz no período de referencia 1999 a 2020.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Ao fío do exposto no parágrafo anterior, a gráfica 33 mostra como o sector servizos é o responsable do 54% da cifra total de parados rexistrados.

Síguelle o sector da industria que concentra case 1/4 do total de parados e de xeito moito menos representativo o sector da construción e o da agricultura e gandería.

9. BENESTAR.

Non fai falla pensar en que na actualidade, os individuos temos un maior número e dun xeito máis accesibilidade os servizos que demandamos para poder cubrir as súas necesidades. Nun marco inferior a cen anos, sábese que o nivel de vida na Galicia de principios do S. XX, a economía estaba caracterizada por ser unha economía de subsistencia na que os individuos tan só acadan un nivel de renda conforme a poder obter bens que cubran as súas necesidades máis básicas como individuos.

O acceso ás infraestruturas de transporte e comunicacións, unha maior calidade asistencial na sanidade xunto cos avances propios da menciña, a educación ou o acceso aos recursos mudaron radicalmente nun intervalo de tempo xamais visto.

A intención deste punto é ver como conviven certos índices coa intención de coñecer o nivel de vida tanto social coma económica e incluso con variables ecolóxicas.

9.1. Distribución territorial e urbanística de Allariz.

Neste apartado faise referencia á distribución dos oitenta e seis quilómetros cadrados da superficie total de Allariz que recolle o I.G.E. para facer unha análise máis exhaustiva farase un distinción entre o chan Urbano e Rústico. Como nos define o I.G.E. en función do recollido no Catastro, defínese o chan rústico coma unha porción de terreo que non é edificable e que pode estar formada por : Gandeiro, forestal, cinexético e agrícola e que a súa función principal é o uso para actividades agrarias, pecuniarias e forestais. No caso do chan urbano, é todo aquel terreo susceptible de edificar teña ou no xa algún edificio construído.

Táboa 14. Situación do chan Rústico, distribución e valor en Allariz no período de 1990 a 2021.

Anos	Superficie total (hectáreas)	Número de parcelas reais	Valor catastral (miles de euros)
1990	7979	77742	943
1991	7670	77742	1477
1992	7565	75093	1489
1993	8108	71768	1404
1994	8108	71772	1477
1995	8143	72005	1529
1996	8143	72004	1582
1997	8143	72005	1623
1998	8150	72006	1658
1999	8149	72006	1687
2000	8017	70672	1637
2001	8009	70450	1664
2002	7998	69963	1695
2003	7993	69746	1852
2004	7993	69747	1889
2005	7993	69748	1927
2006	7992	69701	1964
2007	7994	69710	2003
2008	7710	63350	1644
2009	7710	63356	1676
2010	7710	63357	1693
2011	7705	63375	1694
2012	7705	63377	1694
2013	7706	63379	1694
2014	7706	63385	1694
2015	7705	63386	3237
2016	7723	63443	3496
2017	7724	63443	3496
2018	7724	63404	3498
2019	7724	63372	3567
2020	7723	63310	3544
2021	7723	63311	3545


Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Con estas definicións podemos analizar a secuencia histórica dos datos e describir como foron evolucionando as diferentes modalidades de chans ata conformar a actualidade.

Como recollen os autores Sexto, C. F., Arce, X. C. M., Vázquez, Y. G., & Quintá, F. X. A. (2007) a consecuencia da agricultura familiar herdada en Galicia, poñen en valor a formación dos coñecidos minifundios ocasionados pola necesidade dun campo no que se puidesen sementar e labrar diferentes tipos de verduras, froitas, legumes e hortalizas co fin de alimentar o gando e a familia e que definen coma unha “práctica cultural herdada”.

Allariz non é a excepción xa que no ano dous mil vinte e un o tamaño medio das parcelas era de mil douscentos metros cadrados. O crecemento negativo que presenta a serie do número de parcelas, en parte pode estar motivado pola concentración individual que poden facer entre particulares a través de contratos privados de compravenda, herdanzas...

Gráfica 33. Evolución no valor catastral das fincas rústicas en Allariz dende o ano 1990 a 2020.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

valor que rompe coa tendencia cara o crecemento que defendía durante a serie histórica.

Unha vez caracterizado tamén a evolución do chan rústico en Allariz, procédese a interpretar os datos que recolle o I.G.E e que afectan propiamente ao chan de tipo urbano. A definición xa antes descrita dinos que neste tipo de parcelas si se permite a construción de edificacións (Vivendas, locais, naves industriais...) e son un bo indicador para coñecer o desenvolvemento urbanístico da vila, permitíndonos comparar entre edificacións públicas e privadas, a evolución no prezo ou os bens


Para rematar co chan rústico, hai que facer mención da evolución do seu prezo, xa que dende hai menos de sete anos o prezo medio dunha finca rústica en Allariz duplicou o seu valor en comparación aos períodos anteriores.

xa como curiosidade, pódese apreciar dende o ano dous mil sete e motivada pola crise económica mundial, o prezo sofre unha considerable perda no seu

mobles en función ao seu uso como residenciais ou para outras actividades, incluíndo tamén a súa evolución histórica.

Como se describiu anteriormente unha das peculiaridades deste tipo de solo, é a posibilidade de poder edificar nel. Como se mostra na gráfica 39 vanse a representar as fincas urbanas con e sen edificacións para observar o comportamento que manteñen nestes anos.

Gráfica 34. Número de parcelas urbanas por edificadas e non edificadas.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.


Na segunda metade da década dos anos noventa apréciase unha situación de escaseza relativa no número de parcelas sen edificar ante o número de parcelas nas que se construíra algún tipo de edificación, ante esta demanda e grazas a fenómenos coma o reagrupamento parcelario urbanístico, o maior interese dos propietarios neste tipo de fincas por consideralas de maior valor monetario que por exemplo as rústicas favorece que no ano dous mil se produza unha inxección no número de parcelas urbanas.

Pode xustificarse pola relevancia do sector da construción nesa época que como amosa a gráfica 22, dende o 2000 ao 2007 experimenta un crecemento considerablemente activo e xa volvendo ao contido da gráfica 33, vemos como o salto cuantitativo no número de parcelas edificadas dende o ano mil novecentos noventa e nove cara o dous mil experimenta un crecemento case irrelevante en función do aumento producido no número de parcelas nas que non se construíu.

Prodúcese que a demanda no mercado inmobiliario allaricense non é capaz de absorber toda a oferta de parcelas rústicas que se introduciu dende o ano dous mil

cinco motivadas polo auxe económico do momento que tan só logrou executar obras dende o ano dous mil cinco nun tres coma oito por cento das ofertadas.

Gráfica 35. Evolución do valor catastral das fincas urbanas en Allariz.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Do mesmo xeito que no caso do chan de natureza rústica, faise importante mencionar a evolución que experimentou o chan urbano na vila de Allariz. Unha vez máis, como se aprecia na gráfica 34 vemos como a crise do ano dous mil oito produce outro descenso do valor medio das fincas urbanas que non recuperará ata principios de 2014.

Nese mesmo ano, rexistra unha revalorización das propiedades acadando unha fase de madurez no mercado que será alterada polo ano dous mil vinte e que presenta un leve indicio de recuperación no ano dous mil vinte e un, fenómeno que pode estar vinculado co aumento na demanda de terreos nos que poder construír dentro dos enclaves que permiten ter un xardín ou piscina así coma dun maior espazo na vivenda por mor do teletraballo e do confinamento nacional deses anos e nos que os tipos de intereses nos custos da vivenda e que marcaron tipos históricos Alves, P., & San Juan, L. (2021).

Táboa 15. Evolución do número de bens inmobles en Allariz.

Ano	Bens inmobles	Bens inmobles de uso residencial	Bens inmobles doutro uso
2003	12821	6369	6452
2004	12872	6405	6467
2005	12868	6400	6468
2006	20042	6922	13120
2007	20040	6920	13120
2008	20044	6908	13136
2009	20228	7076	13152
2010	20496	7213	13283
2011	20734	7315	13419
2012	20887	7372	13515
2013	21465	7661	13804
2014	21796	7809	13987
2015	21590	7813	13777
2016	21542	7801	13741
2017	21546	7802	13744
2018	21551	7809	13742
2019	21551	7801	13750
2020	21589	7806	13783
2021	21586	7813	13773

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.


Para interpretar o disposto na táboa 15 faise preciso reparar na definición que o I.G.E. recolle do Inmoble e que por regra xeral, é toda parcela ou porción de solo de natureza urbana, enclavada nun termo municipal e cerrada por unha liña poligonal que delimita o ámbito do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso, e no seu caso as construcións emprazadas en dito ámbito.

Coa táboa 15 dedúcese unha madurez no número de bens inmobles destinados para o uso residencial, cousa que coincide co que se aporta na gráfica 36 dende o ano dous mil quince e ata o dous mil vinte e un acádase unha madurez no número de bens inmobles e no número de parcelas que teñen instaladas algún tipo de edificación.

Este comportamento é contrario ao que rexistran os bens inmobles no período de referencia do parágrafo anterior xa que experimentan unha perda continua nos bens inmobles que non son destinados como residencia coma por exemplo piscinas, xardíns, árbores, estanques, pistas de tenis ou baloncesto que se atopen incrustadas no terreo e que permanezan nel permanentemente. Pese a perda no número de bens inmobles destinados para outros usos vemos como en comparación con toda a secuencia histórica logra manter niveis que se postulan por encima dos rexistrados nos principais períodos de crecemento deste factor coma os que experimenta entre os anos dous mil seis e dous mil catorce .

Para rematar con este apartado na gráfica 35, móstrase como evoluciona na secuencia histórica o valor total tanto dos bens inmobles destinados a ser desfrutados

Gráfica 36. Valor catastral dos bens inmobles en Allariz.



como residencias ou os bens inmobles destinados a outros fins. Empregarase a evolución total de ambos factores nun único valor xa que de media, o valor dos bens inmobles destinados a vivenda no ano dous mil vinte e un acada un valor medio de 184.000 € e


Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

nos bens inmobles cun uso diferente ao da vivenda de 73.000€ de media.

A gráfica 35 amosa sorprendentemente como o valor catastral dos bens inmobles, durante o período de recesión aumentou un corenta e cinco por cento sendo iso sí o período no que se experimenta un menor crecemento xa nos períodos comprendidos entre os anos noventa e os dous mil, o incremento do valore multiplicouse por catro neses dez anos, a seguinte suba máis significativa prodúcese no ano dous mil vinte que en comparación co ano dous mil dez aumenta o valor dos bens inmobles un setenta e seis por cento.

9.2. Nivel de renda.

Gráfica 37. Renda dispoñible bruta en Allariz nos anos 2000 a 2019.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Para este punto faise necesario establecer unha comparativa territorial entre os municipios que se veñen mantendo de referencia durante o transcurso deste traballo para poder xustificar un maior ou menor nivel de rendas.

O concello peor parado da serie é Baños de Molgas e na cabeza cun maior nivel de renda bruta dispoñible atópase Allariz. Hai que facer mención ás flutuacións que rexistran tanto Xinzo de Limia coma Celanova entre os anos 2008 a 2014 ou o aumento que rexistrou Xunqueira de Ambía no período 2017-2018.

9.3. Saúde.

Exporanse tres variables que repercuten directamente nos índices sanitarios. Lonxe de empregar parámetros coma a transmisión de enfermidades, a presenza ou ausencia das mesmas, ou as causas dunha morte que xa foron interpretadas no punto 4. 5 Taxa de mortalidade.

Tales variables a estudo son a idade media da poboación allaricense, o índice de envellecemento e a evolución dos recursos sanitarios que facilita o S.E.R.G.A.S con maior ou menor acerto.

Táboa 16. Idade media e índice de envellecemento en Allariz.

Ano	Idade	Índice
2002	48,29	225,75
2003	48,36	231,84
2004	48,11	223,84
2005	48,15	221,5
2006	48,37	224,84
2007	48,24	221,94
2008	47,85	205,5
2009	47,51	194,11
2010	47,6	192,05
2011	47,38	182,89
2012	47,3	174,29
2013	47,19	170,94
2014	46,92	162,41
2015	47,14	162,39
2016	47,52	167,51
2017	47,57	166,6
2018	47,47	162,37
2019	47,16	153,24
2020	47,04	150,58
2021	47,01	148,17

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Dentro da serie de estudo, a primeira variable que será analizada é a idade media da poboación allaricense. Como se pode apreciar na táboa 16 a idade media vai diminuindo a un ritmo moi lento na meirande parte dos anos esta tendencia cara a baixa que permitiu en 19 anos (acada o mínimo no ano 2014) que a poboación “rexuvenecese” en un ano, rexistrado no ano 2021 unha idade media de 47 anos.

Feita unha comparación comarcal coas cifras do I.G.E e comparando as mesmas vilas que no punto 4. 2. Situación comarcal. Interpretase que no ano 2021 Allariz é unha das vilas coa idade media máis baixa; destacan Baños de Molgas cunha idade media de 59 anos, Xunqueira de Ambía con 57 anos de media, Celanova con 53 anos de media, Maceda con cincuenta e dous anos e por último Xinzo de Limia con 48 anos de media.

No caso do índice de envellecemento vai a mostrarnos o número de persoas maiores de 64 anos que hai por cada 100 persoas menores de 20 anos. Como se aprecia na serie , no total da evolución histórica, redúcese en 77 puntos o número de persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 20 anos.

A nivel autonómico, o índice sitúase nos 163,6. Facendo tamén unha alusión á situación comarcal e referíndose exclusivamente aos datos do ano 2021 que recolle o I.G.E. vese que o Concello de Celanova rexistra un índice de 325, o de Xunqueira de Ambía 582.21, o de Xinzo de Limia 175.2 , o de Maceda é de 284.78 e o de Baños de Molgas 825.86.

A singularidade deste índice acláranos que Allariz, a nivel Autonómico e coa xusta comparación das vilas do arredor logra manter un índice inferior aos antes expostos. Lonxe de achegarse a un índice positivo no que se rexistre unha maior representatividade os menores de 20 anos que o número de maiores de 64 anos, o que permitiría falar dunha mocidade forte que garanta unha correcto funcionamento dos instrumentos financeiros que mantén o Estado para sanear as arcas da Seguridade Social, o chamado “peto das pensións”, ou os demais dereitos constitucionais que recolle a Carta Magna en materia de Dereitos Fundamentais.

En relación coas fontes de financiamento do Estado e a posterior posta a disposición nos Presupostos Xerais do Estado entre eles recóllese a adxudicación presupostaria da Sanidade, que ao estar centralizada nas Comunidades Autónomas, no caso de Galicia a entidade responsable da xestión deses paquetes financeiros será o S.E.R.G.A.S.

Esta entidade é a responsable de nutrir tanto con medios humanos, técnicos e materiais os diferentes puntos nos que ofrece o seu servizo, ven sexa dende un hospital, un quirófano de urxencias ou os centros de Atención Continuada (P.A.C a partir de agora). No caso concreto de Allariz, o pobo conta cun P.A.C. que tamén está dotado con un único médico que atende o servizo de urxencias.

O acceso á asistencia sanitaria é fundamental para garantir unha rápida e eficaz intervención do doentes, os erros e acertos dentro deste ámbito están en gran medida vinculadas coas gráficas 6 e7, onde dependendo da calidade da atención fará que un individuo este nun lado da gráfica ou do outro.

Táboa 17. Evolución dos recursos humanos no Punto de Atención Continua do S.E.R.G.A.S.

Ano	Médico xeral	Auxiliar de enfermería	Asistente social	Odontólogo	Pediatra
2004	4	1	0	1	1
2005	4	0	0	0	1
2006	4	0	0	0	1
2008	8	0	0	0	1
2010	7	0	0	0	1
2012	8	0	0	0	1
2013	8	0	0	0	1
2014	8	0	0	0	1
2015	8	0	0	0	1
2016	8	0	0	0	1
2017	8	0	0	0	1
2018	8	0	0	0	1
2019	8	0	0	0	1
2020	7	0	0	0	1
2021	9	0	0	0	1

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Centrándose tan só na análise e interpretación dos datos e sen caer na emisión de xuízos obxectivos pódese asegurar que o único recurso humano que crece dentro do cadro é o persoal Médico que dende o comezo ao fin da serie histórica aumentou en cinco

facultativos dos que dispón o P.A.C.

Pese a o incremento que rexistra a gráfica 3. Grupos de idade en Allariz nos anos 1998 a 2021 o grupo de idade de menores de 16 anos (coinciden cos pacientes de atención pediátrica) non deixa de crecer do mesmo xeito que acontece na gráfica 4. Taxa de natalidade en Allariz 1981-2020 onde a tendencia xeral é o crecemento positivo, pois ben, como amosa a Táboa 17 o servizo de pediatría non se viu reforzado dende o comezo da serie, e por sorte non foi tratado coma os odontólogos ou auxiliares de enfermería os mesmos que a entidade xestora decidiu retirar de xeito máis ou menos acertado.

9.4. Servizos básicos.

Como recolle o diario “*El País*” no artigo de Maeusto J. E Gómez, M.⁷⁸ O acceso á auga, a enerxía, e a xestión de residuos é algo do que mencionando o propio artigo, non dispoñen máis de 800 millóns de persoas no mundo e son fundamentais para garantir un desenvolvemento humano, industrial, tecnolóxico, etc..

Neste apartado compararanse a cobertura de servizos públicos esenciais coma o alumeadado público, habitantes con e sen servizo de alcantarillado, núcleos de poboación con recollida selectiva de lixo, habitantes con e sen servizo de depuración de augas residuais e os habitantes con e sen servizo de abastecemento de auga.

Considero que son uns bos indicadores para coñecer a cobertura das necesidades máis básicas da cidadanía que son responsabilidades as entidades públicas locais (dentro do ámbito deste estudo). Algo se falou no punto 3. Situación histórica e xeográfica de Allariz, que aló polo S.XVIII un arquitecto compostelán chegará a Allariz como responsable de construír entre outras, un certo sistema de canalización de auga potable para Allariz que se situaría no Convento das Clarisas e polo que a través dunha fonte se lle achegaba o acceso á poboación de auga potable para os habitantes do casco histórico.

Nos anos noventa leváronse importantes reformas no conxunto da canalización das augas residuais (nas que se inclúen as pluviais nas que se forma un sistema de cloacas combinado). A primeira manifestación dun sistema de drenaxe de augas principalmente pluviais maniféstase ao construír a sexta porta da muralla no barrio de Santo Estevo enfocada para evitar inundacións na parte alta da muralla e que data do S. XV.

⁷⁸ El PAÍS: https://elpais.com/elpais/2014/01/13/planeta_futuro/1389606854_541241.html.
CONSULTADO 30/05/2002

Como nos adianta a Táboa 18. Evolución da cobertura dos servizos públicos en Allariz. Vemos como dende o comezo do período de referencia no ano 2.000 a tendencia xeral que logra o concello de Allariz é a de cubrir nun espazo relativamente curto de tempo as necesidades máis básicas que rodean aos veciños.

O espazo empregado para contextualizar os sistemas de saneamento adquiren aínda maior relevancia ao ser os habitantes que teñen acceso a un servizo público de saneamento, o acceso á depuración de augas residuais e os servizos de abastecemento son os por un lado os que máis demandan este servizo e aos que se lle proporciona dun xeito moito máis áxil, tendo en conta a peculiaridade e dificultade nalgúns casos de facilitar o acceso ao servizo.

Os habitantes que teñen dispoñible o acceso ao servizo de abastecemento de auga potable cabe mencionar o deterioro no número de vivendas que dispoñen captacións propias de augas e se nutren exclusivamente delas co cal é lóxico pensar que non van ter acceso ao servizo de abastecemento de auga potable pese a non ser incompatibles estas dúas vías de acceso á auga entre si.

No caso do alumeado público, as cifras mostran unha cobertura total do servizo entre a cidadanía.

Para o servizo da recollida selectiva de lixo, podemos ver como ata o ano 2015 existe un estancamento no número de núcleos de poboación aos que se lles brinda o servizo pese a axilidade rexistrada no ano 2.000. No eixo dos núcleos que non teñen servizo, vemos como se estanca entorno aos 17 núcleos que non dispoñen do servizo.

Ao fío disto hai que facer mención dos múltiples artigos e fontes de información alleas ao I.G.E. coma os datos municipais ofrecidos por Ecoembes empresa xestora dos residuos depositados no contedor amarelo e azul. En base aos datos da mesma no ano 2.021 prodúcese un pequeno descenso na porcentaxe de cidadáns que empregan a recollida selectiva, pero como recolle o Concello nunha publicación, durante o ano 2.020 acadáronse máximos históricos na cantidade destes materiais dun 13,6%⁷⁹, iso si, a base de datos de Ecoembes, sitúa a porcentaxe de impropios nun 31,7% fronte ao 2.021, no que se acada un 26,4%⁸⁰, mellorando de xeito significativo en comparación ao ano anterior.

⁷⁹ Concello de Allariz: <https://www.allariz.gal/xornal/allariz-recicla-un-136-mais-de-envases-durante-o-2020/> consultado o 01/06/2022

⁸⁰ ECOEMBES: <https://www.ecoembes.com/es/el-proceso-de-reciclaje/datos-de-reciclaje-de-envases-domestico-en-espana/recogida-selectiva-de-envases-domesticos/barometro> Consultado o 01/06/2022

Táboa 18. Evolución da cobertura dos servizos públicos en Allariz

Ano	Servizo público de iluminación e déficit		Habitantes con e sen servizo público de alcantarillado		Núcleos de poboación con e sen recollida selectiva de residuos			Habitantes con e sen servizo de depuración de augas residuais		Habitantes con e sen servizo público de abasementamento de auga	
	Vivendas		Habitantes		Núcleos			Habitantes		Habitantes	
	Con servizo	Déficits totais ou parciais	Con servizo	Sen servizo	Con recollida selectiva	Sen recollida selectiva	Con servizo	Sen servizo	Con servizo	Sen servizo	
2000	2923	6	1	60	4294	672	4879	87	
2005	3522	0	4708	343	29	27	4759	292	4992	59	
2008	3522	0	5078	168	29	27	5132	114	5210	36	
2009	3522	0	5273	162	29	27	5320	115	5400	35	
2010	3522	0	5404	162	29	27	5458	108	5534	32	
2011	3530	0	5509	158	29	26	5566	101	5632	35	
2012	3554	0	5604	160	29	28	5708	56	5750	14	
2013	3993	0	5690	157	29	28	5794	53	5837	10	
2014	3993	0	5680	157	29	28	5784	53	5827	10	
2015	3993	0	5695	155	29	28	5799	51	5841	9	

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

9.5. Zonas verdes.

Como recolle a autora Gil, M.(2014) o 3, 21 % da superficie do núcleo urbano de Allariz é unha zona verde pública e cifra o total das zonas verdes públicas en 119.01 m², tan só no casco de Allariz en comparación cos 18.146 m² dos que dispuña o Concello no ano 1989.

A creación das grandes superficies verdes coma a aclimatación de zonas coma O Arnado a Acearrica, Vilanova ou o ferradal son claros exemplos de zonas rehabilitadas nas que os veciños e visitantes empregan para o seu uso constante para realizar diversas actividades, sendo unha parte indispensable do atractivo que reflexa a Vila.

Como alertan Andrade, J.M. y Vázquez, M.X. (2016) , ante a constante ameaza que producen os incendios forestais para o noso medio, estes autores, urxen na necesidade de empregar recursos contra a prevención activa de incendios “*cunha xestión activa e preventiva da biomasa xunto a diferentes accións que manteñan unha agricultura e un sector forestal vivos, así como que sensibilicen á poboación sobre este problema.*”⁸¹ E facilitando a creación de postos de traballo directos no municipio grazas ao aproveitamento forestal.

Unha vez exposto o parágrafo anterior, faise necesario incluír nesta análise a central térmica de biomasa Allarluz S. A. creada polo Concello co fin de previr os incendios a través do aproveitamento da materia forestal existente no monte. Como nos falan Soliño Millán, M., Vázquez Rodríguez, M. X., & Prada Blanco, A. (2009) esta central foi deseñada para empregar como combustible matorrais e materiais de poda pero que na actualidade tamén emprega restos do sector da madeira. Así mesmo tamén xustifican o emprego dun material ou outro por a diferenza no custo dos dous combustibles, en concreto fixan o prezo do KW hora con matorrais e materiais de poda en 18,1 céntimos de euro e no caso dos residuos do sector da madeira 7.37 céntimos de euro incluíndo os custos de persoal, co cal, como recollen , empregar un material ou outro dependerá exclusivamente do mercado enerxético e das subvencións que perciban pola limpeza de matorrais e de podas.

No ano 2005 Allariz é nomeada pola Organización das Nacións Unidas pola Ciencia, Educación e a Cultura (UNESCO a partir de agora) Reserva da Biosfera.

⁸¹ Andrade, J.M. y Vázquez, M.X. (2016) “*Novas demandas para o rural galego*”. Foro económico de Galicia. Doc. 18/2016. Páx. 22.

Táboa 19. Evolución das zonas verdes en Allariz.

Ano	Áreas de natureza	Xardíns	Parque infantil	Parque urbano	Zonas recreativas
2000	0	3	0	1	5
2005	0	3	1	1	7
2008	0	3	1	1	7
2009	0	3	1	1	7
2010	0	3	1	1	7
2011	0	3	1	1	7
2012	1	5	8	2	2
2013	1	5	8	2	2
2014	1	5	8	2	2
2015	1	5	8	2	2

Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Como se ve na gráfica 19, as áreas que máis creceron foron os xardíns e os parques infantís e mostran un crecemento moito menos relevante as áreas de natureza os parques urbanos e as zonas recreativas, que sofren unha significativa perda en número no transcurso do período de referencia.

10. SITUACIÓN E PARTICIPACIÓN POLÍTICA.

Este estudo conclúe coa última gran peculiaridade que ten Allariz e que foi descrita tamén no punto 3. Situación histórica e xeográfica deste mesmo estudo.

Como se pode deducir, esa peculiaridade é a persistencia no tempo do B.N.G. gobernando a alcaldía de Allariz. Os acertos e erros producidos durante A Revolta rematan con Anxo Quintana na alcaldía e posteriormente a Francisco García⁸², asentando as bases dunha estrutura política forte que permite que se sustente no tempo.


10.1. Censo electoral municipal, votantes e abstencións.

A continuación expónse a evolución histórica do número de votantes que teñen recoñecido o dereito a sufraxio e de como é o seu comportamento primario nas furnas, é dicir, se acoden ou non e se o fan, observaremos se se decantan por votar por un determinado partido, se votan en branco ou se o seu voto é declarado como nulo.

⁸² Na actualidade e dende o ano 2018 (despois de que Francisco deixara a corporación local) goberna a alcaldía Cristina Cid que logrou aumentar un dous por cento o número de votos que recibiu o B.N.G. na lexislatura anterior do ano dous mil quince.

➤ Censo electoral municipal.

Gráfica 38. Censo electoral en Allariz.




Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

Está composto pola poboación municipal que ten recoñecido o dereito ao sufraxio⁸³. Como se aprecia na gráfica entre o período de mil novecentos noventa e cinco a dous mil once onde experimenta unha flutuación significativa que estabilizarse entorno ás cinco mil veciñas que poden votar.

➤ Votantes e abstencións.

Gráfica 39. Votos e abstencións nas eleccións municipais en Allariz.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

En primeiro lugar hai que facer mención de como o número de abstencións presenta unha tendencia moito menos regular e estable que a que debuxa o número de votos nulos ou brancos e incluso se pode facer a comparación coa tendencia que rexistra o número de votantes.

De media o número de votantes que acude ás furnas para os eleccións municipais e o número de abstencións rexistradas, reflexan que de media, tendo en conta os rexistros da serie histórica a participación en Allariz é do sesenta e sete por cento en comparación do trinta e dous por cento de abstencións.


⁸³ Son electores todo aquel que cumpla os requisitos do Art.2 da Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General.

Tendo en conta os datos de participación obtidos pódese afirmar que Allariz, mantén unha taxa de participación dezaioito puntos⁸⁴ superior á rexistrada nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia no ano dous mil vinte, e un punto superior á participación rexistrada nas eleccións Xerais do ano dous mil dezanove.

10.2. Votos e escanos obtidos polas principais candidaturas.

A presente gráfica xustifica en parte o descrito no punto 3. 4. Período crítico “A Revolta”, onde se rexistra a minoría do B.N.G. no ano mil novecentos oitenta e sete e como na lexislatura inmediatamente posterior, e xa con Anxo Quintana como Tenente Alcalde do Concello de Allariz, o Bloque Nacionalista Galego mantén unha superioridade representativa que lle permite manter unha maioría absoluta que non descendeu nunca dos nove escanos dentro da corporación local.

Gráfica 40. Evolución nos votos das diferentes candidaturas nas eleccións municipais de Allariz.



Fonte: Elaboración propia cos datos do I.G.E.

É complicado xustificar a lonxevidade do goberno municipal sen facer unha enquisa a cada unha das súas votantes, máis durante os anos nos que se tomou a alcaldía de Allariz na Revolta ata o día de hoxe son considerables as reformas materiais producidas e sobre

todo a posta en valor e aproveitamento dende un punto que aposta polo desenvolvemento rural e coidado do entorno dende un punto de vista ecolóxico e social que conforma o municipio.

Como se describe no punto 9. Principais indicadores do nivel de vida, todas as restauracións, os negocios promovidos dende o Concello, a adquisición de bens para a súa posta en valor e explotación ou a delicadeza e importancia coas que se xestionan as zonas verdes, sendeiros, ou a materia forestal coa xa mencionada Allarluz; poden ser indicadores que nos arroxen pistas sobre o éxito que acadada esta

⁸⁴ Xunta de Galicia: <https://resultados2020.xunta.gal/resultados/0/galicia>. Consultado o 02/06/2022.

corporación local en Allariz e de como se xestionan e coidan as necesidades e inquiredanzas veciñais.

11. Conclusións.

O percorrido ofrecido por todas as variables que forman o conxunto deste estudo, logran aclarar as inquiredanzas iniciais sobre o estado de “Saúde” no que se atopa Allariz unha vez asentadas as bases da Revolta. Lógrase contradicir a tendencia que desertiza o rural galego logrando fixar unha poboación anual que non deixa de crecer, un índice de envellecemento que se atopa por debaixo dos índices da contorna e do galego, no caso da renda bruta dispoñible, tan só unha das poboacións logra acadar uns valores prudentemente achegados aos do caso *alaricano*.

Logra ofrecerlle oportunidades laborais a un porcentaxe moi alto de veciños dos que naturalmente se pode discutir sobre o tipo e a calidade do mesmo máis o número de parados achégase ao rexistrado no 2008 tendo en conta que a poboación sufriu un incremento considerable no número de individuos. O que deixa claro é que a perigosidade física do traballo xunto co correcto uso dos dispositivos de protección e prevención deixan unha incidencia do 1% na sinistralidade laboral.

Como conclusión xa de “Análise socioeconómico e Laboral do Concello de Allariz” destaca o esforzo que fixo Allariz nos posteriores anos da Revolta cun órgano de control maduro e dilixente que comprende o público coma sinónimo de todos e todas e que a forza do desexo do conxunto dos habitantes sexa a responsable directa da perpetuidade do “Modelo Allariz” como referente do motor demográfico que precisa o rural galego potenciando a e apostando polo que en palabras de Fernández, M. F., López-Penabadi, M. C., & Casal, A. I. (2020) describen como “*La riqueza de estas grandes áreas rurales vacías es incalculable en términos de patrimonio, sostenibilidad y calidad de vida*”⁸⁵ e do que Allariz comparte todo, menos o de valeira.

12. Lexislación.

Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Sociedades de Capital.

Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.

Ley 27/1999, de 16 de julio, de Cooperativas.

Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

⁸⁵ Fernández, M. F., López-Penabadi, M. C., & Casal, A. I. (2020). “*Desafíos socioeconómicos del cambio demográfico*”. Revista Galega de Economía, vol. 29 nº2, páx. 2.

Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores.

Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reforma laboral, la garantía de la estabilidad en el empleo y la transformación del mercado de trabajo.

Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley General de la Seguridad Social.

Real Decreto 2720/1998, de 18 de diciembre, por el que se desarrolla el artículo 15 del Estatuto de los Trabajadores en materia de contratos de duración determinada.

Reglamento (CE) núm. 2223/96 del Consejo, de 25 de junio de 1996, relativo al sistema europeo de cuentas nacionales y regionales de la Comunidad.

Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General.

13. Índice de ilustraciones, táboas e gráficas.

Ilustración 1. Monte do Castro (fondo esq.) e o Casco Histórico.	3
Ilustración 2. Virxe Abrideira.	5
Ilustración 3. Representación teatral da liorta entre os gremios e os xudeus.	6
Ilustración 4. "Carta para que (...), gobernador de Galicia, proceda contra los que alborotan a los vasallos de don Juan Pimentel, de la villa de Allariz" (1490).	6
Ilustración 5. Visión actual da Ponte de Vilanova trala reforma do S. XVI.	7
Ilustración 6. Escudo de Armas da vila (1556).	7
Ilustración 7. Museo de Coiro dos Nogueiras. Rehabilitado actualmente.	9
Ilustración 8. Praza Maior, Casco Histórico. Exemplo de empedrado.	10
Ilustración 9. Restos da muralla primitiva SXII e da Muralla final S.XV.	11
Ilustración 10. Familiares do defunto momentos antes de celebralo enterro.	11
Ilustración 11. Faixa da primeira manifestación "Salvar ao río e salvar o futuro de Allariz....	14
Ilustración 12. A ocupación do Concello baixo os lemas "Alcalde ou razones ou non pasas" e o xa mencionado na ilustración 11.	15
Ilustración 13. Primeiros intentos de desaloxo en Agosto de 1989.	15
Ilustración 14. Os veciños nunha das manifestacións en Ourense con M. Fraga.	16
Gráfica 1. Número de habitantes da Vila de Allariz.	17
Gráfica 2. Situación comarcal 1981-2020.	19
Gráfica 3. Grupos de idade en Allariz dende 1988 a 2021	20
Gráfica 4. Taxa de natalidade Allariz 1981-2020.	23
Gráfica 5 Comparación territorial da taxa de natalidade nos anos 1975 a 2020.	24

Gráfica 6. Taxa mortalidade Allariz 1981-2020	25
Gráfica 7. Saldo vexetativo vila de Allariz.....	26
Gráfica 8. Situación local, provincial, autonómica e estatal do saldo vexetativo nos períodos de 1981-2020.....	28
Gráfica 9. Emigración interna e externa 1992-2020	31
Gráfica 10. Preferencia do destino dos emigrados internamente en Allariz entre os anos 1992 a 2020.....	32
Gráfica 11. Inmigrados en Allariz nos anos 1992-2020.	35
Gráfica 12. Fluxo da inmigración interna en Allariz anos 1992 a 2020.	35
Gráfica 13. Saldo migratorio Allariz nos anos 1990 a 2020.	38
Gráfica 14. Preferencia migratoria en < de 16 anos.	40
Gráfica 15. Preferencia migratoria da franxa de 16 a 29 anos.....	40
Gráfica 16. Idade na que as mulleres deciden ser nais. Provincia de Ourense 2000-2020. .	41
Gráfica 17. Preferencia migratoria da franxa de 30 a 54 anos.....	41
Gráfica 18. Preferencia migratoria da franxa de 55 a máis anos.	42
Gráfica 19. Agricultura. Allariz. 2014-2020.....	45
Gráfica 20. Industria Allariz. 1999-2020.	46
Gráfica 21. Construción. Allariz. 1999-2020.	48
Gráfica 22. Servizos. Allariz. 1999-2020.	49
Gráfica 23. Total de afiliacións á Seguridade Social en Allariz nos anos 2006 a 2022.	54
Gráfica 24. Representatividade media de cada sector para a afiliación á S.S. no período 2009-2022.....	56
Gráfica 25. Autosuficiencia do mercado laboral en Allariz.	57
Gráfica 26. Figuras contractuais para analfabetos en Allariz. anos 2002 a 2021.....	63
Gráfica 27. Figuras contractuais para graduados en estudos primarios en Allariz. Período 2002 a 2021.....	63
Gráfica 28. Figuras contractuais para os estudos secundarios en Allariz. Período de 2002 a 2021.....	64
Gráfica 29. Figuras contractuais para os estudos superiores en Allariz. Período de 2002 a 2021.....	64
Gráfica 30. Paro total rexistrado en Allariz nos períodos de 1999 a 2022	65
Gráfica 31. Paro total na actualidade. Período de 2020 a 2022.	67
Gráfica 32. Paro rexistrado por sectores en Allariz no período de referencia 1999 a 2020. .	69
Gráfica 33. Evolución no valor catastral das fincas rústicas en Allariz dende o ano 1990 a 2020.....	71
Gráfica 34. Número de parcelas urbanas por edificadas e non edificadas.	72
Gráfica 35. Evolución do valor catastral das fincas urbanas en Allariz.	73

Gráfica 36. Valor catastral dos bens inmobles en Allariz.....	75
Gráfica 37.Renda dispoñible bruta en Allariz nos anos 2000 a 2019.....	75
Gráfica 38. Censo electoral en Allariz.	83
Gráfica 39. Votos e abstencións nas eleccións municipais en Allariz.	83
Gráfica 40. Evolución nos votos das diferentes candidaturas nas eleccións municipais de Allariz.....	84
Táboa 1. Emigración externa en Allariz nos anos 1992 a 2020.....	33
Táboa 2. Inmigración externa en Allariz nos anos 1992 a 2020.Podemos concluír que a Provincia de Ourense non se consideraba unha provincia que destacase pola cantidade e a calidade subxectiva dos postos de traballo durante a crise do 2008.	37
Táboa 3. Saldo migratorio da Vila de Allariz nos anos 1992 a 2020.....	38
Táboa 4. Diferenzas en canto ao sexo e tipo de movemento migratorio nos anos 1992 a 2020.	39
Táboa 5. Total Emigrados e emigradas no período 1992 a 2020 en función das franxas de idade.....	40
Táboa 6 Porcentaxe de inmigrados en función ao destino e a franxa de idade.	42
Táboa 7 Rexistro das principais figuras xurídicas da Vila.....	51
Táboa 8 facturación e variación anual dos 10 empresas con maior capital da Vila.	53
Táboa 9 Porcentaxe de empresas por número de traballadores dende os anos 1999 a 2020.	53
Táboa 10. Número de accidentes laborais clasificados en leves, graves e mortais en Allariz no período 1995 a 2020.	58
Táboa 11. Índice de sinistralidade en Allariz no período de 2006 a 2020.	60
Táboa 12. Contratos rexistrados segundo o nivel de formación.	60
Táboa 13. Evolución do número de parados por sector. Allariz período 1999 a 2022.	68
Táboa 14. Situación do chan Rústico, distribución e valor en Allariz no período de 1990 a 2021.....	70

14. Bibliografía e webgrafía.

- Alves, P., & San Juan, L. (2021). *“El impacto de la crisis sanitaria del COVID-19 sobre el mercado de la vivienda en España”*. Boletín Económico. Nº 2/2021, páx: 1 a 15. <https://bit.ly/3AeHFb7>
- Andrade, J.M. y Vázquez, M.X. (2016) *“Novas demandas para o rural galego”*. Foro económico de Galicia. Doc. 18/2016. Páx. 22. <https://bit.ly/3udA09e>

Archivo Histórico Nacional, CLERO-SECULAR_REGULAR, Car.1429,N.5 “Doña Violante (...) otorga testamento en el que ordena que su cuerpo sea enterrado en el convento de Santa Clara de Allariz”. Consultado 18/03/2022.

<http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/4896826>

Aspres, A. L. (2016). “Experiencias innovadoras para la puesta en valor del patrimonio industrial: el caso de Allariz (Ourense)”. In I Congreso Internacional de Patrimonio Industrial y de la Obra Pública: Nuevas estrategias en la gestión del Patrimonio Industrial. Páx: 210. ISBN 978-84-617-5659-9.

<https://bit.ly/3yxYWP>

Bertrand, J. R. (1999). “La emigración gallega, ¿sistema original?”. SEMATA, Ciencias Sociais e Humanidades, vol. 11, páx. 439-455. <https://bit.ly/3yx8uX6>

Blanco Rodríguez, A.(2016): “Historia” consultado o 17/03/2022.

<https://web.archive.org/web/20160203133214/http://www.allariz.com/datos/HISTORIA.pdf>

de Uña Álvarez, E., & Pérez, M. V. (2009). “Territorio, turismo y desarrollo en la dimensión local. In Geografía, territorio y paisaje”. El estado de la cuestión: actas del XXI Congreso de Geógrafos Españoles. Universidad de Castilla-La Mancha. páx. 207-221. <https://bit.ly/3ybpl0e>

Cid Rumbao, A.(1984) *Historia de Allariz: villa y corte romanica*. Ed. Universidad de California. ISBN8424199685, 9788424199685.

Concello de Allariz: <https://www.allariz.gal/xornal/allariz-recicla-un-136-mais-de-envases-durante-o-2020/>

Costas, X. H. (2016). *Os xentilicios de Galicia e dos outros territorios de lingua e cultura galegas*. Ed. Universidade de Vigo.

Diario de Galicia (1917): “Recuerdos de la Guerra da Independencia: Demasías de los invasores” periódico de la mañana, telegráfico, noticiero y de información general : Num. 2860 (14/10/1917), Consultado 21/03/2022. <https://bit.ly/3yv7jXV>

Ecoembes: <https://www.ecoembes.com/es/el-proceso-de-reciclaje/datos-de-reciclaje-de-envases-domestico-en-espana/recogida-selectiva-de-envases-domesticos/barometro>

El Mundo (2012): “España sufrirá en 2013 lo peor de la crisis con el paro al borde del 27%”. Consultado o 03/05/2022.

<https://www.elmundo.es/elmundo/2012/11/27/economia/1354011249.html>

Fernández, A. F., Nóvoa, A. A. R., Abreira, R. B., Abad, P. V., Losada, F. E. P., & Álvarez, N. R. (2021). “Caracterización dos espazos domésticos culinarios da época romana en

- Galicia*". Cuadernos de estudios gallegos, vol. 68, nº 3. Páx. 47-90.
<https://doi.org/10.3989/ceg.2021.134.02>
- Fernández Álvarez, R., Mira Pérez, J., & Blanco Rodríguez, A. (2021). "A asfixia branca: mito e realidade de vinte e cinco mortes por un raio". Cadernos de Atención Primaria, Vol.: 27. Páx. 38-40. <https://bit.ly/3a2vELj>
- Fernández, M. F., López-Penabad, M. C., & Casal, A. I. (2020). "Desafíos socioeconómicos del cambio demográfico". Revista Galega de Economía, vol. 29 nº2, páx. 1-3. <https://bit.ly/3a138Kf>
- Fernández, J. R., Díaz, J. M. C., & Bañuls, A. L. (2014). Tiempo de desplazamiento al trabajo y desajuste educativo en el mercado de trabajo español. In Anales de economía aplicada 2014. Asociación Española de Economía Aplicada, ASEPELT. páx. 364-373. <http://www.asepelt.org/ficheros/File/Anales/2014/anales-2014.pdf>
- Fulgosio, F. (2002). *Crónica de la provincia de Orense*. Editorial Maxtor. (Páx. 29).
<https://bit.ly/3NzSyay>
- García Mora, M. B. (2003). *Efectos de la educación sobre los determinantes de la satisfacción laboral en España. Un análisis de los beneficios monetarios y no monetarios en el mercado de trabajo mediante modelos logit ordenados*. Tesis.
<http://www.tesisenred.net/TDX-0722104-143139/>
- Garrote Recarey, M. (2021). "Allariz. La puesta en valor del patrimonio natural y cultural como elemento clave en su desarrollo". In I Simposio anual de Patrimonio Natural y Cultural ICOMOS España. Editorial Universitat Politècnica de València. Páx: 535.
DOI: 10.4995/icomos2019.2019.11743
- Gándara Pumar, F. (2010). *Urbanismo y desarrollo sostenible en Allariz* (Master's thesis).
<https://core.ac.uk/download/pdf/30043308.pdf>
- Gil, M. (2009). *Allariz, 1989. Crónica dunha revolta*. Edi. Difusora. ISBN 678-84937 4212-6.
- González Pérez, C. (1997). "El Corpus en Galicia: Redondela y Pontearreas" *Narría Estudios de artes y costumbres populares*. Nº77.
https://repositorio.uam.es/bitstream/handle/10486/8518/45856_8.pdf?sequence
- La Región (2020): "El curioso caso de Allariz, la única "aldea gala" que resiste a la marea azul". Consultado o 12/06/2022. <https://www.laregion.es/articulo/allariz/curioso-caso-allariz-unica-aldea-gala-resiste-marea-azul/20200627183340955619.html>
- La Región (2021): "Récord de facturación en Allariz en un año "excepcional". consultado o 29/04/2022. <https://www.laregion.es/articulo/allariz/allariz-record-facturacion-ano-excepcional/202108120035041053938.html>

La voz de Galicia: “Alfonso VII concedió a la villa el primer foro gallego”. Consultado 19/03/2022. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/allariz/2008/02/01/alfonso-vii-concedio-villa-primer-foro-gallego/0003_6529516.htm

La Voz de Galicia: “Del castro a la cibdá de a Armea”. Consultado 17/03/2022. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/allariz/2022/01/06/castro-cibda-arnea/0003_20220106C6994.htm

La Voz (2019). “1989: El alcalde de Allariz piratea el agua para llevarla a su granja.”. Consultado o 24/03/2022. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/allariz/2019/10/08/alcalde-allariz-piratea-agua-llevarla-granja/0003_20191008C10992.htm

La Voz de Galicia (2021). “El PSdG insta a Núñez Feijoo a evitar la «exclusión financeira» del rural”. Consultado o 29/04/2022. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/vimianzo/2021/09/14/psdg-insta-feijoo-evitar-span-langglexclusion-financeiraspan-rural/0003_202109C14C2994.htm

La Voz de Galicia (2017): “Reclaman en el Parlamento gallego más plazas de guardería para Allariz”. Visto 29/04/2022. https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ourense/allariz/2017/10/11/reclaman-parlamento-gallego-plazas-guarderia-allariz/0003_201710O11C9992.htm

Labrada, J. L. (1804). *Descripción económica del Reyno de Galicia*. en la imprenta de Don Lorenzo José Riesgo Montèro. Páx. 85. Páx. 89. Páx. 93. <https://bit.ly/3yto6un>

Lago Cerviño, M., Fernández Fernández, A., Rodríguez Nóvoa, A. A., & Valle Abad, P. (2022). “Lost Heritage. Architectural Replacement of an Atrium and a Courtyard of the Roman Houses of Armea (Allariz, Ourense)”. *Heritage*, vol. 5, nº 1. Páx 409-430. <https://doi.org/10.3390/heritage5010024>

López Alsina, F. , Monteagudo, H. Villares, R., Yzquierdo Perrín, R. (2013). *O século de Xelmírez*. Ed.: Grafisant. IsBn 978-84-92923-53-3.

Magnago, J. E. (2019). “Obras de obras de ingeniería para el aprovechamiento del agua en Roma”. *Revista de Derecho Romano*, nº 1. [https://doi.org/10.22529/rdr.2019\(1\)05](https://doi.org/10.22529/rdr.2019(1)05)

McConnell, C. R., Brue, S. L., & Rabasco, E. (1997). *Economía laboral contemporánea*. McGraw-Hill.

Nieto, M. C. (1984). *Vicente Risco, o home*. Editorial Grial. Vol. 22, nº 86. Páx. 489-504. <https://www.jstor.org/stable/29750327>

- Portal de archivos españoles (PARES), Archivo histórico de la Nobleza “Árbol de los señores de Allariz, desde Alonso Pimentel, III conde de Benavente; hasta Gaspar Silvestre Pimentel, conde de Luna.”. ES.45168.AHNOB/1//OSUNA, C.515,D.7. Consultado 18/03/2022. <http://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/description/3923623>
- Portal de archivos españoles (PARES), Archivo general de Simanca. “Demanda de Juan de Pimentel, desterrado, contra vecinos de sus villas.” (1490). ES.47161.AGS//RGS,LEG,149002,282. Consultado 18/03/2022.
- Pedreiras Pérez, L. M.; “*Visión ocupacional de las últimas seis décadas en el ámbito rural de Galicia*” para a Universidade De A Coruña. <http://hdl.handle.net/2183/11600>
- Pintos Barreiro, M. G. (2006); “*Allariz, Vila Abrideira. A rehabilitación paradigmática dun casco histórico*”, Porta da aira, vol. 11. Páx. 533-546. <https://bit.ly/3npaFWj>
- Puga Brau, X., *Allariz recupera-lo pasado para proxectar-lo futuro*, ed. Dep. Ourense, 2003. ISBN 84-96011-49-6.
- Quintela, M. V. G., & Seoane-Veiga, Y. (2011). “*La larga vida de dos rocas orensanas*”. *Archivo Español de Arqueología*. Nº 84. Pax. 243-266. <https://doi.org/10.3989/aespa.084.011.010>
- Rodríguez, A. B. (2000). “*A presenza xudía en Allariz*”. *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, vol. 11. Páx: 20-28. <https://bit.ly/3ONuYc5>
- Rodríguez, E. B. (2001). “*A provincia de Ourense nas viaxes do padre Sarmiento*”. *Raigame: revista de arte, cultura e tradicións populares*, vol. 15, páx. 25. <https://bit.ly/3uqGxA3>
- Rodríguez, F. J. P. (2015). “*La provincia de Ourense en la época del románico*”. In *Ourense: Enciclopedia del Románico en Galicia*. Centro de Estudios del Románico. Páx. 19-31. <https://bit.ly/3NvNSTc>
- Rodríguez, J. P. (2004). “*De la explosión societaria a la destrucción del asociacionismo obrero y campesino. Ourense (1934-1939)*”. *Historia del presente*. Vol. 3. Páx 11-28. <https://bit.ly/3Ozuxlh>
- Soliño Millán, M., Vázquez Rodríguez, M. X., & Prada Blanco, A. (2009). “*Diseño de incentivos públicos para la producción de electricidad. Con biomasa forestal*.” *Economía Industrial*. Nº 374, páx. 179-191. <https://bit.ly/3l0uoVA>
- Vázquez, J. H. (2011). “*Diccionario de Arquitectura: maestros canteros que trabajaron en el actual Partido Judicial de Allariz*”. *Porta da aira: revista de historia del arte orensano*, vol. 13. Páx. 317-335. <https://bit.ly/3ucUteB>
- Vicetto, B.(1873) *Historia de Galicia*, vol. 6-7. Montevideo, Imprenta de la Colonia Española. <http://biblioteca.galiciiana.gal/es/consulta/registro.cmd?id=8500>
<http://biblioteca.galiciiana.gal/es/consulta/registro.cmd?id=8500>

